Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvoo:

1º. Trasladar o escrito referido á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

**Resolución da Presidencia, do 11 de setembro de 2019, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 2012/2002 do Consello a fin de proporcionar axuda financeira aos Estados membros para cubrir graves cargas financeiras que soporten como consecuencia da retirada do Reino Unido da Unión sen un acordo [ COM(2019) 399 final] [2019/0183 ( COD)]**

-10/UECS-000284 (55476)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 2012/2002 do Consello a fin de proporcionar axuda financeira aos Estados membros para cubrir graves cargas financeiras que soporten como consecuencia da retirada do Reino Unido da Unión sen un acordo [ COM(2019) 399 final] [2019/0183 ( COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 55476, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 2012/2002 do Consello a fin de propor-



cionar axuda financeira aos Estados membros para cubrir graves cargas financeiras que soporten como consecuencia da retirada do Reino Unido da Unión sen un acordo [ COM(2019) 399 final] [2019/0183 ( COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvoo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

## **2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**

### **2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos**

#### **2.2.1. Composición do Pleno**

**Acordo da Xunta Electoral de Galicia polo que proclama deputado electo do Parlamento de Galicia pola circunscripción electoral da Coruña a D. Xan Xosé Jove González (doc. núm. 55095)**

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 9 de setembro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

Examínase o acordo da Xunta Electoral de Galicia do 4 de setembro de 2019 polo que se proclama deputado electo da Cámara galega a D. Xan Xosé Jove González, candidato de En Marea nas eleccións autonómicas de 2016 pola circunscripción electoral da Coruña, como consecuencia da renuncia de D. Flora María Miranda Pena, así como da correspondente credencial que o acredita como tal (doc. núm. 55102).

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:



1º. Tomar coñecemento do acordo da Xunta Electoral de Galicia do 4 de setembro de 2019 polo que se proclama deputado electo da Cámara galega a D. Xan Xosé Jove González, candidato de En Marea nas eleccións autonómicas de 2016 pola circunscripción electoral da Coruña, con efectos xurídicos desde o 4 de setembro de 2019.

2º. Tomar coñecemento da credencial expedida polo citado órgano da administración electoral.

3º. Comunicar este acordo a Intervención e Asuntos Económicos, ao Servizo de Persoal e Régime Interior e aos servizos de Tecnoloxías da Información e de Asistencia Parlamentaria e ao Servizo de Publicacións.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa a atención temperá na provincia de Lugo, especialmente a unidade do HULA, e as medidas adoptadas polo Goberno galego para garantir a calidade asistencial das crianzas con trastornos de desenvolvemento.

En maio de 2019 desde o Bloque Nacionalista Galego reclamamos unha maior dotación de persoal na unidade de atención temperá do Hospital Universitario Lucus Augusti así como a ampliación do horario de atención das crianzas usuarias deste servizo tamén polas tardes.

Trasladamos así as demandas de moitas familias das comarcas de Lugo, Sarria e Lemos que denunciaban as listas de agarda, a redución de sesións así como os prexuízos que a falta de persoal estaba a carrejar ás súas fillas e fillos.

Despois da pregunta oral formulada polo noso grupo no Pleno, desde o HULA comprometéronse coas familias a implementar unha serie de mudanzas para mellorar a calidade asistencial en atención temperá, entre outras cuestiós, reforzar o servizo de logopedia e terapia ocupacional do HULA en horario de tarde para crianzas escolarizadas; ampliar a xornada completa o horario da psicóloga e crear o servizo de terapia ocupacional unha tarde á semana no Hospital comarcal de Monforte para atender as crianzas do sur da provincia.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Porén, as familias trasladan ao noso grupo que as mudanzas non se están a implementar en todos os casos e nalgúns apenas parcialmente.

Entretanto, a Xunta de Galiza anunciou no mes de agosto a creación de dúas unidades novas para atender, dunha banda, os concellos de Castro e Outeiro de Rei e, doutra, os de Palas de Rei, Begonte, Friol e Guntín.

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Que mudanzas prevé implementar e en que servizos a Xunta de Galiza na unidade de atención temperá do HULA? Vai contratar máis persoal?
- Que servizos prevé implantar o Goberno galego na comarca de Lemos e no Hospital de Monforte?
- Con que dotación de persoal contan as dúas novas unidades anunciadas no mes de agosto e de que maneira prestarán o servizo?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2019 10:08:52**

**Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2019 10:09:00**

**María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2019 10:09:06**

**Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2019 10:09:16**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2019 10:09:32**

**Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2019 10:09:40**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

A Escola de Cantería depende da Deputación de Pontevedra e tivo sempre a súa sede no concello de Poio. Nunha primeira época as instalacións estiveron no mosteiro de Poio e actualmente están situadas na Caeira. Trátase dun centro de formación con 40 anos de historia, que entronca coa tradición do traballo artesanal coa pedra da área de Pontevedra e que se vencella ao inxente patrimonio artístico e arquitectónico galego.

A Escola de Cantería creouse en 1979 coa intención de poñer en valor o oficio, formar profesionalmente o alumnado e proporcionarlle unha saída laboral para darlle continuidade á tradición ao tempo que se actualiza e renova a práctica profesional. O centro imparte 5 anos de estudos e comprende dous niveis de formación con dúas titulacións: a de canteiro/a con tres anos de formación; e a de mestre/a canteiro, con dous máis. Cada curso supón unhas 996 horas lectivas coa impartición de 9 materias: Cantería de restauración de pedra; Escultura en pedra; Modelado en barro e baleirado; Construción; Debuxo lineal; Debuxo artístico; e Historia da arte.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Máis de 1.600 alumnos/as formáronse na Escola ao longo da súa historia. Nos mellores tempos chegou a ter uns 70 alumnos/as, mentres que na actualidade a matrícula viuse reducida a 12. Este descenso da matrícula ten que ver coa falta de recoñecemento académico duns estudos moi cualificados mais que non contan con recoñecemento oficial. Nin sequera é recoñecido polo Servizo Galego de Emprego.

Atopámonos pois diante dunha situación contraditoria: temos unha escola e uns profesionais con moito prestixio, con unha ampla experiencia de traballos realizados para todo o mundo, con alumnado que traballou en edificios tan emblemáticos como a Catedral de Santiago, A Sagrada Familia, o Big Ben ou o Capitolio. Recentemente, numerosos medios de comunicación fixérонse eco do ofrecemento da asociación de canteiros de Poio para colaborar nos traballos de restauración de Notre Dame.

Para intentar poñerlle solución a esta situación, o Pleno da Deputación de Pontevedra aprobou o pasado mes de marzo unha iniciativa promovida pola asociación Homologar Canteiros Poio. O obxectivo desta proposta era instar á Xunta de Galiza a levar a cabo as iniciativas necesarias para a homologación dos estudos, tanto no caso das novas persoas tituladas como no de ex-alumnos e alumnas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

Como valora o goberno galego a situación na que se encontra a Escola de Cantería de Poio debido á falta de recoñecemento oficial dos estudos que se imparten neste centro?





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Ten coñecemento do acordo adoptado pola Deputación de Pontevedra na que se insta ao goberno galego a iniciar as xestións necesarias para a homologación da titulación?

Que xestións fixo a Xunta de Galiza para dar resposta a esta demanda?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2019 11:03:17**

**María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2019 11:03:23**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2019 11:03:31**

**Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2019 11:03:38**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2019 11:03:45**

**Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2019 11:03:52**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4<sup>a</sup>**, sobre a redución dos prezos de matrícula dos mestrados en Galiza.

Desde a implantación do coñecido como Plan Boloña, isto é, a adaptación do sistema universitario galego ao Espazo Europeo de Ensino Superior (EEES), en Galiza tense imposto o modelo denominado modelo 4+1.

Nese marco, as antigas licenciaturas e diplomaturas desapareceron para, cursando os mesmos anos, dar paso a títulos de catro anos de grao e un de mestrado o que encareceu o custe dos estudos universitarios para o estudantado e as súas familias.

Actualmente, en Galiza, o prezo medio dos mestrados oscila entre os 1.300 e 1.900 euros agás naqueles de carácter habilitante, é dicir, indispensábeis para exercer determinadas profesións, como a docente. Estes últimos viron equiparadas as súas matrículas ás de grao no curso 2018-2019.

Avanzar no acceso en condicións de equidade aos estudos universitarios é unha cuestión de xustiza social, máis aínda cando o Estado español abriu a porta á convivencia do modelo 4+1 co 3+2, posibilitando ás Universidades (públicas e privadas) ofertar graos de tres anos e mestrados de dous, de acordo co RD 43/2015, masivamente rexeitado pola comunidade educativa desde a súa aprobación.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto formúllase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4<sup>a</sup>:

Que opinión lle merece á Xunta de Galiza a posibilidade de reducir os prezos de matrícula dos mestrados non habilitantes?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2019

**Asdo.: Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2019 11:05:24**

**Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2019 11:05:33**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2019 11:05:39**

**Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2019 11:05:46**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2019 11:05:56**

**Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2019 11:06:03**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión 4<sup>a</sup>**, sobre o agrupamento de alumnado de distinto ciclo formativo nos centros de ensino público de Galiza.

Desde o ano 2009 a Xunta de Galiza decidiu que en centros con pouco alumnado matriculado, especialmente no rural, poderían agruparse estudiantes de distinto ciclo na mesma aula. Inicialmente, o Goberno galego acordou con algunas organizacións sindicais que este tipo de agrupamentos só se poderían levar a cabo cando o número de estudiantes se situase por baixo de 12 en Primaria.

En 2012, a Consellaría decidiu rachar con estas condicións a través dun Decreto unilateral.

No curso 2018/2019 o CEIP Virxe da Luz de Portomarín foi un dos centros que se viron obrigados a agrupar o alumnado de distinto ciclo na mesma aula. Neste senso, o estudiantado de 1º, 2º e 3º de Primaria nunha aula e o de 4º, 5º e 6º noutra.

Malia contar cunha alumna máis matriculada en relación ao curso anterior, a Xunta de Galiza suprimiu un docente no centro e impuxo o agrupamento fóra do mesmo ciclo o que provocou importantes denuncias entre as familias do Concello de Portomarín. Denuncias e malestar que trasladaron ao conxunto da opinión pública e que motivou a presentación dunha iniciativa parlamentar do Bloque Nacionalista Galego





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

debatida na Comisión 4<sup>a</sup> en decembro de 2018 exixindo a restitución da praza suprimida e o agrupamento do alumnado dentro do mesmo ciclo formativo.

Para o BNG os agrupamentos dentro do mesmo ciclo non teñen por que ser considerados negativos desde un punto de vista pedagóxico naqueles centros que contan con pouco estudiantado, especialmente no rural. Porén, cando as idades agrupadas son tan amplas, agrupar supón unha merma da calidade do ensino.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4<sup>a</sup>:

- Por que a Xunta de Galiza deixou sen efecto o acordo adoptado cunha parte das organizacións sindicais do ensino público asinado en 2009 en relación aos agrupamentos de alumnado de distinto ciclo formativo?
- Non cre a Xunta de Galiza que esta decisión supón unha merma na calidade educativa do alumnado?
- Cuntos centros de ensino galegos teñen esta situación actualmente?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2019

**Asdo.: Olalla Rodil Fernández  
Montserrat Prado Cores  
Luis Bará Torres**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2019 11:09:00**

**María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2019 11:09:08**

**Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2019 11:09:15**

**Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2019 11:09:20**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2019 11:09:27**

**Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2019 11:09:36**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre o patrimonio románico da Ribeira Sacra, nomeadamente, aqueles bens que fican excluídos da declaración BIC.

O último día do ano 2018 a Xunta de Galiza publicou no DOG a declaración da Ribeira Sacra como Ben de Interese Cultural (BIC) na categoría de paisaxe cultural. Este foi o paso previo necesario para lanzar a candidatura da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade.

O BIC abrangue 180 quilómetros cadrados, 22 concellos, dúas provincias e unha serie de bens individuais que gozan da máxima protección, 58 inmóbeis, 3 móbeis e 9 manifestacións de patrimonio inmaterial.

Durante o proceso de tramitación do expediente BIC, entidades en defensa do patrimonio –especialmente romántico-- como O Sorriso de Daniel, presentaron alegacións para que fosen incluídos máis de 50 inmóbeis que non se contemplaban no proxecto.

“A Ribeira é coñecida como Ribeira Sacra porque nas terras que rodean ese tramo dos ríos Miño e Sil se ergueron ducias de eremitorios, mosteiros, igrexas parroquiais que lle deron ese carácter Sacro. Unha concentración de arte medieval que non ten o suficiente recoñecemento na candidatura e que priva á candidatura dunha das





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

súas maiores fortalezas. Unha paisaxe cultural éo se se recoñece nela a pegada da xente sobre o territorio. Sen o que significaron eses centros espirituais pero tamén económicos non se entendería a Ribeira Sacra”, alegaron desde O Sorriso de Daniel, sen éxito pois a Xunta de Galiza non atendeu as súas demandas.

Nas súas alegacións, a entidade relacionou 55 monumentos, a maior parte igrexas mais non só repartidos en diversos concellos: Carballedo , Castro Caldelas , Chantada , Monforte , Nogueira de Ramuín , Pantón , Paradela , Portomarín , Ribas de Sil , O Saviñao , Sober , Taboada , Parada de Sil , A Teixeira e A Pobra de Trives. Elementos patrimoniais que precisan atención e recoñecemento mais tamén actuacións de mantemento, conservación e posta en valor concibindo as distintas expresións do románico como un todo e non de maneira illada ou parcial.

A Xunta de Galiza dixo que atendería as demandas do Sorriso de Daniel “máis adiante” aínda que non as incluíse no expediente BIC. Porén, non aclarou de que maneira.

Recentemente, o Goberno galego vén de anunciar publicamente un Plan de investimentos que dirixirá á Ribeira Sacra.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Como valora a Xunta de Galiza o estado no que se atopa o patrimonio románico no noso país?
- Por que non incluíu, como reclamaba nas súas alegacións O Sorriso de Daniel, a relación de máis de 50 monumentos románicos no BIC Ribeira Sacra?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Canto diñeiro destinará a Xunta de Galiza ao Plan de Investimentos na Ribeira Sacra?
- Que criterios rexerán eses investimentos?
- Que pensa facer o Goberno galego en relación ao patrimonio que ficou excluído da declaración BIC, nomeadamente os devanditos 55 monumentos románicos que non incorporou ao proxecto?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2019 11:10:50**

**Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2019 11:11:04**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2019 11:11:09**

**Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2019 11:11:16**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2019 11:11:24**

**Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2019 11:11:31**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4<sup>a</sup>**, sobre os índices de lectura en Galiza e a situación da lingua galega no sector do libro.

O Barómetro de Hábitos de Lectura correspondente ao ano 2018, elaborado pola Federación de Gremios de Editores.

Segundo este estudio apenas o 4% da poboación galega prefere o galego como idioma de lectura fronte ao 93,7% que opta polo castelán e o 2,3% que elixe outra lingua.

En relación cos demais territorios con lingua propia a situación é a seguinte:


En las CCAA con lengua autonómica, de poder elegir, la mayoría de los lectores de libros prefiere leerlos en castellano. 23

- En Cataluña, el 34,9% de los lectores de libros prefiere leer en catalán.
- En Baleares, este porcentaje es del 14,1%.
- En las otras CCAA, el porcentaje que prefiere leer los libros en la lengua autonómica no supera el 6%.

ÍNDICE DE LECTORES EN ESPAÑA

Base: Población de 14 o más años lectores de libros

### IDIOMA PREFERIDO DE LECTURA DE LIBROS






OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórrezo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

As persoas enquistasas explicaron cales son as razóns polas que deciden non optar pola súa lingua propia. No caso galego afirman que lles resulta máis sinxelo en castelán (42,8%), a seguir do feito de que os libros que queren ler din non estar editados na nosa lingua (33,7%) e o 21,7% afirma optar polo castelán directamente, por vontade propia.

#### A comparativa territorial é a seguinte:



Ao fío da publicación do Barómetro desde a Asociación Galega de Editoras (AGE) amosaron a súa preocupación pola situación que describe de Galiza que, din, continúa a ser moi preocupante. Non só por seguirmos na zona baixa da estatística a nivel estatal, senón sobre todo por ese ínfimo 4% de persoas que afirma escoller libremente o galego como lingua de lectura.

Neste senso, reclaman, como xa ten trasladado o Grupo parlamentar do BNG en numerosas ocasións ao Parlamento de Galiza, políticas efectivas, reais e transversais de fomento da lectura en galego.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Cómpre lembrar que, a Xunta de Galiza recortou drasticamente os orzamentos da área de Cultura desde o ano 2011 e áínda mantén os niveis de investimento en políticas culturais moi por baixo do desexábel e necesario.

Así mesmo, é de extrema gravidade o feito de seren os programas destinados á promoción do libro en galego e a edición en galego os que continúen a padecer as tesoiras do Partido Popular. Neste exercicio, 2019, as contas da Xunta de Galiza recollen un recorte de 7.400 euros para a edición do libro en galego (investimento reais); 38 mil euros menos na promoción do libro e da lectura; a desaparición da partida dirixida ás Feiras do libro en Galiza ou un recorte de 10 mil euros no programa de axudas a entidades privadas para o apoio e promoción á produción e edición do libro en galego.

Desde a chegada do Partido Popular á Xunta de Galiza en 2009, o Goberno galego e especialmente á área de Cultura vén desenvolvendo unha política absolutamente contraria ás obrigas legais que ten e que están expostas de maneira diáfana na Lei do libro e da lectura de Galiza aprobada por unanimidade no Parlamento.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Como valora a Xunta de Galiza os datos do Barómetro de Hábitos de Lectura correspondente ao ano 2018, elaborado pola Federación de Gremios de Editores?
- Que análise fai o Goberno galego do baixísimo índice de lectura na nosa lingua? E en relación á situación do catalán e o euskera?
- Cre que os constantes recortes orzamentarios na promoción da lectura e da edición en lingua galega teñen a ver con esta situación?





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Cre a Xunta que está a cumplir a Lei do libro e da lectura?
- Que medidas prevé adoptar o Goberno galego ao respecto para mellorar os índices de lectura en lingua galega e tamén a situación do sector editorial no noso idioma?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2019

**Asdo.: Olalla Rodil Fernández  
Luis Bará Torres  
Montserrat Prado Cores  
Noa Presas Bergantiños  
Xosé Luis Rivas Cruz  
Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2019 11:13:14**

**Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2019 11:13:22**

**Montserrat Prado Cores na data 30/08/2019 11:13:27**

**Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2019 11:13:34**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2019 11:13:41**

**Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2019 11:13:49**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4<sup>a</sup>**, sobre a situación na que se atopan os restos arqueolóxicos no barrio da Tinería de Lugo e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

O barrio da Tinería, en Lugo, é un espazo de enorme valor patrimonial. Nos últimos meses a Xunta de Galiza reiniciou os traballos de rehabilitación que ficaran paralizados durante a última década en unidades de intervención como nas que se atopan o Hospital de San Miguel e o Pazo de Dona Urraca.

Porén, fican pendentes actuacións que recuperen e poñan en valor restos arqueolóxicos romanos que se atopan tamén na Tinería, especialmente os fornos localizados na Unidade de Intervención UI-7. Actualmente este espazo atópase valado cun peche metálico e nun estado de conservación péssimo malia se atopar a carón da Muralla.

Para o Bloque Nacionalista Galego as actuacións da Xunta no barrio da Tinería deben ser concibidas no seu conxunto e ter moi presente a recuperación e posta en valor dos elementos patrimoniais, tamén arqueolóxicos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4<sup>a</sup>:





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Vai desenvolver a Xunta de Galiza algunha actuación na UI-7 do barrio da Tinería, en Lugo, para recuperar e pór en valor os restos arqueolóxicos romanos que se atopan nela?
- De ser así, que actuacións e con que previsións temporais e orzamentarias?
- En caso negativo, por que non?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2019

**Asdo.: Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantíños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2019 11:16:37**

**Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2019 11:16:45**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2019 11:16:50**

**Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2019 11:16:57**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2019 11:17:04**

**Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2019 11:17:12**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4<sup>a</sup>**.

O pasado luns 22 de abril coñeceuse por fontes xornalísticas que a Garda Civil e o Xulgado do Carballiño estaban a investigar a ata catro persoas por un presunto delito contra o patrimonio histórico por ter destrozado completamente o denominado Túmulo de Barro, unha mámoa neolítica de 6.000 anos de antigüidade situada na parroquia de Santa Mariña de Loureiro, no Irixo.

A denuncia inicial coñecíase a través da asociación cultural Mámoa Verde Patrimonio, que trasladaba ás autoridades os feitos. Presuntamente esta valiosa mámoa, denominada Túmulo de Barro, tería sido destrozada na súa totalidade mentres un conxunto de operarios desenvolvían tarefas conducentes a preparar o terreo para unha plantación de piñeiros e o dano teríase producido tamén noutras mámoas da contorna, concretamente as denominadas Túmulo 3 e Túmulo 4 da Bugalleira.

Cómpre salientar que estes bens históricos están recollidos, malia o desleixo na súa actualización por parte da Xunta de Galiza, no Catálogo de Bens





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Culturais de Galiza. Lamentabelmente o dano feito é irreparable, mais cómpre dunha banda establecer as responsabilidades finais destes feitos así como as posíbeis responsabilidades indirectas, é dicir, se o velo e salvagarda das administracións era o suficiente. Así mesmo, cómpre aprender desta experiencia, que se vén a sumar a outros moitos casos denunciados polo asociacionismo patrimonial e cultural, como por exemplo A Rula ou Mariña Patrimonio, que demostran a necesidade de avanzar na salvagarda destes bens.

Finalmente, é pertinente fiscalizar a correcta aplicación do CAPÍTULO II do Réxime sancionador da vixente Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galiza.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

Que avaliación fai a Xunta de Galiza das responsabilidades directas e indirectas dos túmulos do Irixo?

Que accións emprendeu ou vai emprender a Xunta de Galiza respecto das directrices que contempla a Lei de Patrimonio galega? Con que resultante?

Que accións emprendeu ou vai emprender a Xunta de Galiza de tipo xudicial?

Considera a Xunta de Galiza que estes bens catalogados contaban cunha sinalización e información suficiente?





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Vai asumir a Xunta de Galiza algunha responsabilidade?

Ten avaliado a Xunta de Galiza se a sinalización dos demais bens arqueolóxicos desta parte do país é suficiente para evitar outra desgraza?

Tense dirixido ao Concello do Irixo para coñecer que actuacións de protección e sinalización destes bens tiña desenvolvido?

Confirma a Xunta de Galiza que non contaba con ningún tipo de solicitude de actuación na zona? Confirma que tampouco o Concello? Pensa que se poderían ter evitado estes feitos?

Considera a Xunta de Galiza alarmante a destrucción de patrimonio arqueolóxico que se ten demostrado de forma constante ao longo do territorio, e nun volume importante, asociado á expansión madeireira sen a suficiente planificación? Que medidas vai impulsar para evitar que volva acontecer?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2019

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

### **Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2019 11:22:15**

**Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2019 11:22:31**

**María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2019 11:22:36**

**Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2019 11:22:44**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2019 11:22:53**

**Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2019 11:23:00**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4<sup>a</sup>**, relativa á necesidade de consolidación e intervención arredor da torre medieval de Sande no concello de Cartelle para a súa boa conservación.

No concello de Cartelle, na parroquia de Sande, atópase a coñecida como fortaleza ou torre de Sande, unha xoia medieval da nosa historia que se levanta sobre unha superficie rochosa erguéndose a máis de 500 metros de altura.

Esta estrutura constitúe un dos vestixios de arquitectura de funcionalidade militar existentes na comarca, o que salienta a importancia desta na Idade Media. Así mesmo, cómpre recordar que a torre foi declarada como de Interese Turístico Nacional xa no 1949 e atópase tamén baixo a protección da Declaración xenérica do Decreto de 22 de abril de 1949 e da Lei nº 16/1985 sobre o Patrimonio Histórico Español.

No ano 2009 a Consellería de Cultura prevía a consolidación e posta en valor das fortalezas e torres militares das comarcas da Limia, Verín e Terras de Celanova que tería incluído esta torre alén doutros espazos, porén non chegou a





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

realizarse. Actualmente, esta construcción recollida no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galiza da Xunta con protección xurídica de declaración de Ben de Interese Cultural.

Tal e como temos insistido as nacionalistas, cómpre recordar que a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galiza recolle no seu artigo 88 como patrimonio arquitectónico “a) Os bens propios da arquitectura defensiva, entendendo por tal todas as estruturas construídas ao longo da historia para a defensa e o control dun territorio do que forman parte. No conxunto da arquitectura defensiva destacan singularmente os castelos, as torres defensivas, as murallas e os muros circundantes urbanos, as construcións defensivas con baluartes e os sistemas defensivos que configuran, os arsenais navais, os cuarteis, as baterías de costa, as polvoreiras e os restos de todos eles, con independencia do seu estado de conservación, de se se encontran soterrados ou descubertos ou de se se integran ou non noutro ben inmóvel. Todas estas tipoloxías de inmóveis construídos antes de 1849 teñen a consideración de bens de interese cultural.”

Malia estes recoñecementos e a importancia cultural, histórica e patrimonial da torre, actualmente atópase nun estado alarmante que require de intervención por parte das administracións. Veciñanza e colectivos sociais da zona veñen demandando, polo tanto, que as administracións asuman a responsabilidade de levar a cabo as actuacións necesarias para a súa conservación, garantir a seguridade no seu acceso e contribuír a conservar a memoria colectiva da nosa historia e valorizar o papel dunha zona afectada polo despoboamento do rural.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Malia o Partido Popular rexeitar as propostas que ten feito o Bloque Nacionalista Galego en diversas institucións, as necesidades da Torre continúan. Aínda que as nacionalistas entendemos que deberá levarse a cabo un proxecto que valorice a importancia desta construción en relación coas construcións similares das comarcas limítrofes, o mínimo é que a Xunta de Galiza asuma a súa responsabilidade canto a unha necesaria colaboración institucional de cara a acadar unha mínima conservación e seguridade.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4<sup>a</sup>:

Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para garantir a consolidación, conservación e accesibilidade da Torre de Sande en Cartelle?

Algunha en colaboración co concello? Algunha en colaboración económica co concello?

Considera a Xunta de Galiza preciso colaborar coas demais institucións e concellos da contorna de Cartelle de cara a valorizar as torres defensivas do sur de Ourense no seu conxunto.

Coñece o goberno galego é o actual réxime patrimonial da Torre de Sande e as últimas novedades respecto das persoas propietarias?

Considera a Xunta de Galiza que ten cumplido coas súas obrigas canto á conservación do noso patrimonio?





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Ten avaliado o goberno galego a idoneidade de planificar traballos de restauración e conservación para este ben?

Ten avaliado o goberno galego a idoneidade de levar a cabo unha planificación para a valorización deste ben no marco da importancia da arquitectura militar e defensiva nesta zona para o aproveitamento cultural, histórico e turístico?

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2019

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2019 11:23:56**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2019 11:24:05**

**María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2019 11:24:10**

**Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2019 11:24:17**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2019 11:24:25**

**Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2019 11:24:32**





## Á Mesa do Parlamento

**Martin Fernández Prado, Gonzalo Trenor López, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Julia Rodríguez Barreira e Daniel Varela Suanzes-Carpegaña** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a as súa resposta oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Pública, Medio Ambiente e Servicios.**

É notorio o traballo de conservación en materia de estradas que o Goberno galego vén realizando nos últimos anos de forma permanente nos 5.500 quilómetros que componen a rede viaria autonómica.

Esta aposta continua por manter as infraestruturas viarias en boas condicións tradúcese en distintas medidas e programas, incluídas no Plan de Seguridade Viaria 2016-2020, dado que o bo estado da infraestrutura é un factor que incide no reforzo da seguridade viaria e, polo tanto, na seguridade de todos os usuarios das estradas.

Entre estas medidas, a Xunta conta cun programa específico de seguridade e inspeccións das pontes e obras de paso que veu aplicando nos últimos anos e no que Galicia ten sido pioneira. Un programa co que vén realizando actuacións e inspeccións periódicas e constantes nos viadutos, pontes ou obras de paso existentes na rede de estradas de titularidade da Xunta.

Para darlle continuidade a esta iniciativa, no mes de maio, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade publicaba, na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, a licitación dun novo contrato de servizo para garantir a aplicación deste programa de inspeccións en pontes e obras de paso na rede autonómica de estradas durante os próximos anos.

Con esta licitación, o Goberno galego tamén vén atender a Resolución aprobada por este Parlamento no marco do Debate do Estado da Autonomía, na que se instaba a manter o programa de inspección de pontes e obras de paso nas estradas de titularidade da Xunta.

Tamén, e en liña co establecido na Resolución aprobada na Cámara autonómica, a Xunta ten avanzado a súa intención de ampliar este labor de inspección aos muros de contención e noiros das estradas autonómicas.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com**





- 1.- En que estado de tramitación se atopa o contrato de servizo para continuar co programa de inspeccións en pontes e obras de paso que vén aplicando a Xunta nas estradas da súa titularidade?
- 2.- Que actuacións específicas ou novedades recolle ese novo contrato?
- 3.- Que xestións ten levado a cabo o Goberno galego para dar cumprimento á Resolución número 19 aprobada no marco do Debate Anual de Política Xeral celebrado en outubro de 2018?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Fernández Prado na data 30/08/2019 12:48:51**

**Gonzalo Trenor López na data 30/08/2019 12:49:19**

**Jaime Castiñeira Broz na data 30/08/2019 12:49:45**

**Jacobo Moreira Ferro na data 30/08/2019 12:50:07**

**Antonio Mouriño Villar na data 30/08/2019 12:50:16**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 30/08/2019 12:50:39**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 30/08/2019 12:50:50**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

Hai en Galicia un sector que todos denominamos Horta que dependendo das zonas e dos cultivos, utiliza invernadoiros. Ir ó concello e inicia-los trámites para a instalación dun invernadoiro pode ser o principio dun longo quebredeiro de cabeza. Todo depende do técnico de turno e da súa interpretación da normativa vixente.

Porque os servizos de urbanismo e intervención dos concellos poden consideralo coma unha instalación ou unha construcción sendo en ambos casos o mesmo invernadoiro.

De ser considerado unha instalación deberá presentar unha Memoria Descriptiva, é dicir, non ten por que ser un proxecto técnico visado e pasa cunha valoración total sen desglose. Faise unha comunicación previa e ...vaille dando... porque en 15 días resolven. A non ser, claro que se requira informe sectorial (Adif, Estradas, Augas, Patrimonio, Camiño de Santiago...) daquela xa estariamos metidos en sarillos.

De ser considerado polos servizos técnicos coma unha construcción, deberá solicitar licenza de obra cun proxecto visado ademais do informe favorable de tódolos sectoriais, e claro, aquí xa non se lle pode ...ir dando... e agora son xa 6 meses de agarda como mínimo para que llo resolvan.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Esta é a disparidade de criterios así a groso modo con que se atopan aquelas empresas, SATs ou agricultores que teñen actividade en parcelas ubicadas en diferentes municipios constatándose nalgúns deles que en vez de facilitar unha actividade hoxe en día esencial para a fixación de poboación e activación económica no medio rural, máis ben todo son impedimentos formais coma se dunha actividade perigosa se tratase.

Por outra banda, a problemática dos invernadoiros en Galicia reviste características propias que deberan ser abordadas polo goberno galego en convención con representantes do sector.

O parque de invernadoiros en Galicia conta na actualidade cunha antigüidade de máis de 20 anos en xeral, os plásticos usados aquí son os que veñen de Almería e non se adaptan ás condicións dos nosos cultivos nin das nosas condicións climatolóxicas.

Outro dos problemas é a altura máxima (7 m.) que non é suficiente para poder diminuir o uso de pesticidas.

Esta e outras problemáticas das que non é consciente a Consellería de M. Rural deberían ser abordadas co sector para darles solución e facilitar a actividade agraria.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- É consciente o goberno galego da existencia desta disparidade de criterios na interpretación da lei do solo que obra en contra da actividade hortícola?
- Ten pensado, o goberno galego, tomar algunha medida a este respecto?





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-- Sabe o goberno galego da problemática específica da actividade agraria baixo cuberta e dos múltiples impedimentos legais para o desenvolvimento da súa actividade?

-- Mantén o goberno galego contactos periódicos con representantes deste sector para lexislar e actuar en beneficio do mesmo e do medio rural galego?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2019 13:12:24**

**Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2019 13:12:35**

**María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2019 13:12:41**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2019 13:12:48**

**Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2019 13:12:59**

**Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2019 13:13:06**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª**.

Un ano máis, a Consellería de Sanidade valora con falso entusiasmo os datos que publica nas listas de agarda de carácter estrutural, omitindo como xa ven sendo normal, todos aqueles datos que teñen que ver coas listas de carácter non estrutural e que amosan as verdadeiras listas de espera das que adoece Servizo Galego de Saúde.

Con todo, nos datos oficiais publicados, traballadores a Asociación Galega en Defensa da Sanidade Pública xunto con traballadores do Complexo Hospitalario de Santiago, observan un aumento na espero no Complexo Hospitalario de Santiago que dista moito das valoracións positivas e de autosatisfacción que manifesta a Consellería.

Por poñer varios exemplos, produciuse un aumento na espero do diagnostico por imaxe, unha cuestión da que se leva avisando durante toda a lexislatura e na que o retraso en provas diagnósticas como os TAC, concretamente cun incremento dun 38.6%, poden producir un gran impacto para a saúde.

Ademais, prodúcese tamén un incremento da espero nas primeiras consultas das especialidades, o que supón que aumente a espero de 15 das 30 xa existentes, destacando o da obstetricia que supón un 218,6%, unha cuestión que debe ser valorada en global respecto a asistencia sanitaria á muller, xa que tamén aumenta a espero media para xinecoloxía ou eco de mama.





Unha mala xestión e planificación que non apunta a mellorar e que repercutenegativamente na calidade asistencial do noso Sistema Público.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Cales son as valoracións que fai o Goberno respecto ao aumento das listas de agarda nas primeiras consultas das especialidades, probas de diagnóstico por imaxe ou cirurxía?
- Considera o Goberno que está a realizar unha boa xestión cun incremento de listas de agarda en probas diagnósticas como TAC?
- Como valora o Goberno o impacto que pode ter na saúde este aumento nos datos de determinadas listas de agarda?
- Que medidas pensan levar a cabo para mellorar estes datos?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 30/08/2019 13:38:20**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª**.

A protección dos menores polos diferentes poderes públicos supón unha obriga de especial importancia, contemplada tanto en normas internas como tratados internacionais, que pretenden garantir un bo desenvolvemento vital para os nenos e nenas.

O sucedido en Lugo co caso do bebé, polo que se tivo que activar o protocolo por maltrato que levou a detención dos pais por violencia doméstica e abandono familiar, puxo de manifesto deficiencias na comunicación entre as Administracións, unha situación que reviste gravidade tendo en conta que casos como o sucedido debe ter unha resposta rápida e eficiente que poña en marcha unha boa coordinación entre as diferentes Administracións, dada a especial vulnerabilidade do neno.

Segundo trasladaron algúns profesionais, non foron empregadas todas as vías de comunicación necesarias, prescindindo de chamadas telefónicas ou vías telemáticas e remitindo únicamente escrito, que tardou dúas semanas en ser visto polos servizos sociais do Concello de Lugo e que non foi remitido ao departamento de menores da Xunta de Galicia, ao que notifico o propio Xulgado.

Ademais, todo o protocolo foi activado no momento no que os pais deciden levar ao bebé ao centro de saúde, cando antes de esta situación xa non se estaba a



cumprir co protocolo sanitario para nenos nacidos no HULA, que deben pasar ata tres revisión no propio Hospital.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Por que non foron empregadas todas as canles comunicativas das que dispón a Administración?
- Cales son os protocolos a seguir nestes casos ou similares?
- Considera a Xunta de Galicia que existiu unha boa coordinación entre as Administracións?
- Ten pensado a Xunta de Galicia levar a cabo algunha medida que mellore os protocolos de comunicación e coordinación entre as diferentes Administracións Públicas?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 30/08/2019 13:44:49**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

2017 deixounos varios avisos. Un deles foi o episodio incendiario de outubro, outro, a seca sufrida en todo o País.

O nivel dos ríos chegou a ser tan baixo que en moitos núcleos rurais tiñan que corta-lo subministro varias veces no día. Houbo concellos nos que foi preciso levar auga a casas e granxas. Vigo pola súa parte advertiu que só tiña existencias para arredor dun mes.

Un país coma o noso onde manaciais, fontes, regatos e ríos eran tan abondosos; onde chovía a maior parte do ano; onde o ceo gris era o habitual... comeza a darnos períodos cada vez más frecuentes de alteracións climáticas que poden poñer en perigo o habitual equilibrio natural que nos é coñecido.

No rural, a actividade económica asentada na terra, a agrogandeiría, ten unha dependencia sobranceira da auga. Expertos nestes temas e en ambientalismo hai anos que alertan da necesidade de ir pensando con celeridade en que, neste país da auga, en moitas partes del, os cultivos forraxeiros, principalmente o millo, han ter que pasar a utilizar regadío de querermos ter colleita.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Xa non digamos as necesidades das explotacións intensivas de vacún, aves ou porcos. Unha vaca de alta producción supera os 100 litros de auga de consumo diario só para beber. Os cultivos de horta sexan baixo cuberto ou non, teñen a auga coma elemento imprescindible para o seu normal desenvolvemento e necesita ser tratado coma un sector que deberá estar en expansión para a dinamización económica e xestión do territorio..

Galicia non é, por outra banda un territorio uniforme nin climática nin hidroloxicamente, e polo tanto abordar a máis ca probable escaseza, por períodos, de auga, terá de ser feito con prudencia e atendendo ás características de cada zona.

Ata o de agora, abundancia de manaciais, fontes e pozos de barrena, xunto ó reparto tradicional das augas que regaban por quendas terreos e propiedades facían que o abastecemento de moitos núcleos rurais se fixese por medio de traídas veciñas ou particulares. Pero as necesidades cada vez maiores das novas explotacións gandeiras, as esixencias legais de auga sanitaria e a contaminación crecente de augas subterráneas, regatos e ríos sitúa o problema nun plano máis delicado que exixe previsións e adecuacións legais a estas realidades.

A futura Lei de Medidas de Garantías do Abastecemento en episodios de Seca ou Risco Sanitario prevé que os concellos de máis de 20.000 habitantes elaboren un Plan de Actuación diante de períodos prolongados de seca pero unha vez máis o goberno galego esquece o rural e a súa realidade social e económica. Porque á realidade do cambio climático hai que lle sumar unha sobreexplotación de acuíferos por medio de pozos de barrena e un aproveitamento anárquico dos mesmos.

Faise, pois, necesario, que os concellos pequenos, con presencia importante de explotacións gandeiras e agrarias fagan ademais das previsións e adecuacións necesarias





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

para garantir o suministro de auga á poboación en períodos de seca continuada, previsiones para garantizar la permanencia das explotaciones agroganaderas piares fundamentais no tecido socioeconómico do rural.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

--Ten previsto tomar alguma medida o goberno galego a respecto dos sectores agrícola e ganadero para a prevención do abastecemento de auga en períodos de seca continuada?

--Está a lexislación adaptada para non entorpecer os acopios de auga, nas súas múltiples posibilidades, en tempo de chuvia para cando vén a seca?

--Vai arbitrar medidas para concienciar ós labregos/as deste País da necesidade de facer prevención e adecuar as instalacións para posibles períodos de seca?

--É consciente o goberno galego dos dereitos de abastecemento de auga para si e as súas actividades que teñen os propietarios de explotacións agroganaderas, que pagan puntualmente os seus impostos?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**  
**Luis Bará Torres**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2019 13:50:11**

**Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2019 13:50:21**

**María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2019 13:50:26**

**Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2019 13:50:34**

**Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2019 13:50:46**

**Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2019 13:50:53**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ao acondicionamento da cuberta do IES Primeiro de Marzo de Baiona.

Este pasado venres 1 de febreiro partes da cuberta do IES Primeiro de Marzo desprendéronse e remataron polo chan do centro. A sorte foi que isto aconteceu pasadas as 13 horas e as alumnas e alumnos estaban nese intre nas aulas, o que evitou lamentar danos persoais. Mais tiveron que ser evacuados e escoltados por efectivos da Policía Local de Baiona, a Garda Civil e o GES Val Miñor para evitar incidentes por risco de más desprendementos.

O luns 4 de febreiro uns operarios están a realizar obras de reacondicionamento da cuberta. Ou sexa, substituír as chapas danadas ou as que se desprenderon por unhas en bo estado. Unhas obras que teñen limitado o acceso da comunidade escolar a unha parte do centro e que serían lóxicas e adecuadas se a cuberta do centro estivese en bo estado até antes dos citados acontecementos.

Pero este non é caso. A Dirección do IES Primeiro de Marzo notificou dende fai máis de un ano á Consellería de Educación da Xunta de Galiza o deficiente estado da cuberta do centro e o risco que isto supuña para a seguridade da comunidade educativa





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

do centro. Xa que logo, urxe a reparación completa da cuberta do centro, non o arranxo dunhas chapas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Coñecía a Xunta de Galiza a situación da cuberta do IES Primeiro de marzo de Baiona?
2. Que fixo a consellaría de Educación ante os escritos da dirección do centro comunicando as deficiencias do tellado?
3. Que medidas prevé adoptar a consellaría para resolver as deficiencias da cuberta do IES Primeiro de marzo de Baiona e garantir a seguridade da comunidade educativa?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2019 14:00:16**

**María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2019 14:00:21**

**Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2019 14:00:28**

**Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2019 14:00:33**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2019 14:00:40**

**Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2019 14:00:47**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa á reapertura da escola unitaria de San Mateo de Oliveira en Ponteareas.

O pasado 30 de xullo de 2018, a Consellaría de Educación fixo público no DOG a decisión de pechar a escola unitaria de San Mateo de Oliveira, pertencente ao CRA A Picaraña de Ponteareas, debido ao descenso da matrícula por debaixo dos 6 alumnos.

Tanto o concello de Ponteareas como a comunidade escolar demandaron a continuidade desta escola, por razóns pedagóxicas e sociais. Antes do inicio das clases no presente curso 2018/2019, seis familias con nenas e nenos en idades de 3 a 5 anos, manifestaron o seu compromiso de matrícula para realizar estudos de educación infantil na escola unitaria de San Mateo de Oliveira, e solicitaron que sexa aceptada a escolarización das súas fillas e fillos nesta escola para evitar o peche da mesma.

O Pleno da Corporación de Ponteareas, en setembro de 2018, apoiou a demanda e adoptou os seguintes acordos:

*“1. Instar á Xunta de Galiza a manter a escolarización na escola unitaria de San Mateo de Oliveira, tendo en conta que cumple co mínimo de seis alumnos para o presente curso e que existen datos que acreditan a continuidade de alumnado nos*





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*cursos 2019-2020 e 2020-2021. Considerando tamén que non se deu opción de matrícula na citada escola-aula do CRA no período oficial de matrícula.*

*2. Asemade, insta ao goberno galego a estudar a posibilidade manter na escola o alumnado de primeiros cursos de primaria, respondendo á demanda realizada polo concello, comunidade educativa e entidades sociais da parroquia.”*

*3. Que garantice a posibilidade de abrir ou pechar as escolas unitarias do rural dependendo da demanda de alumnado de cada curso (e dicir, non pechar as escolas rurais de maneira permanente senón flexibilizando a súa apertura ou peche dependendo das matriculas de cada curso).*

*4. Instar ao goberno de Ponteareas a adoptar medidas encamiñadas a potenciar o asentamento de familias no rural e deste xeito facilitar que estas accedan ás escolas do CRA con campañas de información, liñas de descontos nos impostos municipais, con posibilidade de aula matinal, comedor, etc. Deste xeito contribuirase a que os centros do rural poidan contar cos servizos ofertados nos CEIP.”*

Neste momento, a piques de abrir un novo período de prematrícula para o vindeiro curso 2019/2020, oito familias con nenas e nenos en idades de 3 a 5 anos, manifestan o seu compromiso de matrícula para realizar estudos na etapa infantil na escola unitaria de San Mateo de Oliveira, que pertence ao CRA “A Picaraña” de Ponteareas.

Isto ven confirmar o que xa se manifestaba no mes de setembro, que o descenso na matrícula no presente curso era puntual e que existen datos demográficos (incremento da natalidade) que avalan a continuidade do centro e a recuperación da matrícula.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galiza revisar a decisión de peche da escola unitaria de San Mateo de Oliveira e abrir a prematrícula para o vindeiro curso 2019-2020, tendo en conta a demanda xa existente neste momento de 8 alumnos/as?
2. Vai escoitar o goberno galego as demandas da corporación, da federación de ANPAS, das nais e pais e dos colectivos de San Mateo de Oliveira?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**  
**Montserrat Prado Cores**  
**Noa Presas Bergantíños**  
**Olalla Rodil Fernández**  
**Xosé Luis Rivas Cruz**  
**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 02/09/2019 10:23:43**

**María Montserrat Prado Cores na data 02/09/2019 10:23:49**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 02/09/2019 10:23:59**

**Olalla Rodil Fernández na data 02/09/2019 10:24:07**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 02/09/2019 10:24:14**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/09/2019 10:24:22**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4<sup>a</sup>**, sobre as condicións salariais das persoas contratadas nas Universidades públicas galegas con cargo a actividades de I+D+i vinculadas a axudas públicas, principalmente FPI, FPU e Ramón y Cajal.

A Asociación de Investigadoras de Compostela (AIC) denunciou publicamente e tamén en xuntanza co grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) a vulneración que se está producir dos dereitos salariais do persoal contratado a cargo da actividades de I+D+i.

Refírense a persoas contratadas no marco de convocatorias públicas como as FPU, FPI e Ramón y Cajal que están a percibir unha remuneración por baixo do mínimo fixado na *Normativa da USC para a contratación de persoal con cargo a actividades de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i)*, aprobada polo Consello de Goberno da USC en marzo de 2014 que, no entanto, establece como excepción á devandita táboa salarial aqueles contratos formalizados ao abeiro de convocatorias de axudas/subvencións nas que se establezan cláusulas e retribucións específicas que se rexerán, din, polas súas propias convocatorias.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Porén, na convocatoria da Xunta de Galiza sinálase (artigo 4.5) que “se a entidade beneficiaria [das axudas] formaliza un contrato que implique unha contía superior á estipulada para cada modalidade, deberá achegar a diferenza”.

Cómpre lembrar que os custes do persoal docente e investigador (PDI) e de administración e servizos (PAS) das universidades do SUG vén determinado pola Lei de Orzamentos de Galiza. Ese importe de masa salarial máxima recolle, para 2019, o incremento retributivo previsto no II Acordo Goberno sindicatos do 9 de marzo de 2018. Porén, fica excluído dese aumento o custe do persoal investigador e contratos de investigación contratado a cargo de proxectos, precisamente o colectivo denunciante. Así pois, denuncian desde a AIC, non estar a percibir as subas salariais que si se recoñeceron para outras categorías profesionais.

Desde a Universidade de Santiago de Compostela (USC) –como ten feito en numerosas ocasións o Grupo parlamentar do BNG-- denuncian que o Plan Galego de Financiamento Universitario (PGFU) 2016-2020, actualmente en vigor, non dota dos recursos suficientes a institución na súa parte estrutural o que impide combater a precariedade laboral que atinxo boa parte do persoal docente e investigador, razón pola que reclaman un financiamento estrutural suficiente.

Para o Bloque Nacionalista Galega o mantemento dun Plan de financiamento insuficiente que non foi actualizado conforme ao incremento da capacidade de gasto da Xunta de Galiza, está a supor unha pexa para mellorar as condicións de traballo das universidades galegas así como para renovar os cadros de persoal, cunha idade media moi superior á desexábel.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Para as nacionalistas, a aposta na investigación e a producción de coñecemento como elemento central do desenvolvemento social e económico galego debe ser unha prioridade para a Xunta de Galiza.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4<sup>a</sup>:

- É coñecedora a Xunta de Galiza da situación que atinxe, en materia salarial, as persoas contratadas con cargo a proxectos de I+D+i?
- Coincide, o Goberno galego, en que é preciso mellorar o financiamento do SUG para garantir mellores condicións de traballo ao persoal universitario, especialmente o investigador?
- Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galiza para garantir que a excelencia tantas veces reclamada ao SUG se asente en condicións laborais dignas?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2019

**Asdo.: Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 02/09/2019 10:37:28**

**María Montserrat Prado Cores na data 02/09/2019 10:37:36**

**Xosé Luis Bará Torres na data 02/09/2019 10:37:43**

**Noa Presas Bergantiños na data 02/09/2019 10:37:49**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 02/09/2019 10:37:56**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/09/2019 10:38:04**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

En setembro de 2011 a Dirección Xeral de Patrimonio iniciou un procedemento sancionador pola demolición sen licenza, o 2 de outubro de 2008, da denominada Casa Gótica de Betanzos, no número 5 da rúa da Cerca, no Casco Histórico da localidade, declarado Ben de Interese Cultural ao ser un conxunto histórico-artístico. O edificio demolido contaba, entre outros elementos, dun arco conopial gótico do século XV, dous brasóns do fundador, o rexedor Lopo García de Vilousaz, e un característico balcón corrido mariñán.

O 14 de febreiro de 2012 o Diario Oficial de Galiza publicaba o anuncio do servizo de Vixilancia e Inspección da mesma Dirección Xeral de Patrimonio, notificando á propiedade do inmoble a resolución do expediente ofrecéndolle 15 prazos para alegacións. Segundo ese anuncio, no procedemento sancionador S-C-26.11 imputábaselle una infracción moi grave da Lei 8/1995 do 30 de outubro de patrimonio cultural de Galiza, pola que se propuña unha sanción mínima de 150 000 euros por realizar obras de demolición deste edificio, proceder á desmontaxe e retirada dos escudos da fachada sen a correspondente licenza municipal e a preceptiva autorización de Patrimonio. É a última referencia que se pode atopar a este procedemento no Diario Oficial de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Pouco despois, o 1 de marzo de 2012, a Xunta acordaba aprazar calquera decisión “ata o momento en que recaia resolución” do procedemento penal iniciado contra o propietario polo Concello, que concluíu en xullo de 2014 coa absolución do propietario pola demolición sen licenza do edificio, malia soster o fallo que efectivamente houbera danos de entidade contra o patrimonio histórico-cultural e co Ministerio Público sostendo que era responsabilidade do propietario o “progresivo e groseiro” deterioro e derrubo do emblemático edificio.

Desde aquela data, o Goberno galego, a tenor do publicado no Diario Oficial de Galiza, evitou retomar o proceso- ou incoar un novo expediente sancionador- malia ser firme xa esta sentenza xudicial.

Por isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Por que motivo o Goberno galego “perdoou” de facto a sanción que pudiera recaer no procedemento sancionador polo derrubo sen licenza da Casa Gótica?
- Ten pensado retomar o procedemento sancionador toda vez que a vía xudicial xa queda definitivamente clausurada?

- De ser o caso, a que agarda para iniciar o procedemento?
- En caso contrario, pretende o Goberno galego deixar impune esta demolición que empobreceu sensiblemente o Casco Histórico de Betanzos?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Olalla Rodil Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 02/09/2019 10:39:44**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/09/2019 10:39:52**

**Olalla Rodil Fernández na data 02/09/2019 10:39:59**

**Xosé Luis Bará Torres na data 02/09/2019 10:40:06**

**María Montserrat Prado Cores na data 02/09/2019 10:40:11**

**Noa Presas Bergantiños na data 02/09/2019 10:40:19**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

O Diario Oficial de Galiza do pasado 13 de xullo de 2017 publicaba a Resolución do 23 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se incoa o procedemento de inclusión no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia, da fábrica de electricidade da Ponte Nova sita na parroquia de Betanzos, no concello do mesmo nome.

Dita disposición remarcaba o valor deste edificio industrial modernista asegurando que “*Desde o punto de vista da relevancia cultural, este ben considérase que o seu compoñente de autenticidade se ve reflectida principalmente polo feito de que esta fábrica de electricidade é testemuño significativo da introdución da electricidade en Galicia, xa que foi unha das primeiras instalacións deste tipo que se implantaron nas cidades galegas e das que apenas quedan exemplos. Así mesmo, a calidade do deseño, tanto do primeiro volume coma do engadido da fábrica de electricidade, fai que esteamos ante unha obra significativa da primeira arquitectura industrial galega, avalada pola suposta autoría dun dos arquitectos máis representativos da arquitectura galega dos primeiros anos do século XX: Rafael González Villar. A singularidade deste ben vese reforzada polo lugar no que se situou, que ocupou unha xunqueira na beira da ría de Betanzos, a carón da Ponte Nova de acceso á cidade medieval. Porén, a integridade do ben está seriamente ameazada polo seu estado de abandono, polo que se deberían adoptar medidas oportunas para garantir a súa conservación, comezando pola súa protección*”.

Concluía ordenando “*a anotación preventiva no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia e aplicar, de forma provisional, o réxime de protección previsto para os bens catalogados mentres se tramite o expediente, que se deberá resolver no prazo máximo de*





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*dezaoito meses a partir da data desta resolución. Tras transcorrer ese prazo sen que se emitise resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento”.*

Describe o inmoble como un “*primeiro volume da fábrica de electricidade que se constrúe no ano 1895 e o segundo na década de 1910. A finais do século XIX, tamén se construíu o serradoiro, porén, segundo as fotografías antigas, este ocupaba unha posición máis próxima ao anterior edificio, descoñecéndose a data de construcción do actual, como tamén se descoñece a data dos outros edificios auxiliares*”.

Por este motivo, dispón para el “*nivel de protección integral, que garanta a conservación de todos os seus elementos*”.

O 4 de maio de 2017 a propietaria do inmoble, General de Edificios y Solares, S.L., filial do grupo Naturgy- antiga Gas Natural Fenosa- solicita licenza de demolición do inmoble. O Concello denégaa o 28 de setembro En virtude desta Resolución e a empresa recorre ante a orde contencioso-administrativa a denegación.

Con posterioridade, en virtude desa mesma disposición xeral, o Concello dicta unha orde de execución, dando un prazo de dous meses finalmente ampliado a 4, á propiedade para asegurar diversos elementos e garantir a conservación do edificio. Tras pedir ampliar o prazo, que se concede, a empresa non executa os traballos.

En agosto, o Concello recibe nova notificación de recurso contencioso-administrativo, nesta ocasión atacando a propia orde de execución. En paralelo, a empresa remite ao Concello o 28 de xuño de 2018 solicitude de declaración de ruína técnica do edificio, insistindo nos argumentos expostos nos recursos e alegacións precedentes, contra a conservación do edificio modernista.

No expediente municipal tramitado ao efecto despréndese que se remitirá á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta o asunto, recabando a súa autorización para proceder á declaración de ruína da factoría construída pola familia de Xohán Vicente Viqueira e ampliada por Rafael González Villar para Industrias Núñez nos anos 20 en clara estética modernista, configurando un edificio singular e único de cantos se dedicaron a esta actividade no país.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Ten pensado a Xunta autorizar a declaración de ruína deste singular edificio modernista?
- De ser así, en base a que motivos se actúa en contra dos criterios e valoracións recollidas na Resolución do 23 de xuño de 2017?
- No caso de denegarse a declaración de ruína pretendida por Naturgy, que medidas e que prazos baralla o goberno galego para obrigar a conservar este edificio patrimonial?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2019

**Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 02/09/2019 10:43:02**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 02/09/2019 10:43:10**

**María Montserrat Prado Cores na data 02/09/2019 10:43:18**

**Noa Presas Bergantiños na data 02/09/2019 10:43:27**

**Olalla Rodil Fernández na data 02/09/2019 10:43:33**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/09/2019 10:43:42**



## Á Mesa do Parlamento

**Xoaquín Fernández Leiceaga e Teresa Porritt Lueiro**, deputado e deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos.**

No exercicio 2017 componían o inventario de entes instrumentais dependentes da Comunidade Autónoma 115 entidades, das que 38 eran Fundacións, 22 Entidades mercantís, 20 Consorcios e 11 Axencias. Xestionaban, excluíndo ao Sergas, un 15 % aproximadamente do orzamento consolidado da Xunta de Galicia, do que un 40 % (un 6 % dos recursos totais) correspondía ás Axencias.

O Consello de Contas vén de presentar o Informe sobre os entes instrumentais correspondente ao exercicio de 2017. Nel se recollen insuficiencias, deficiencias e problemas que empanan o funcionamento dos citados entes, así como unha avaliación do grao de cumprimento de recomendacións previas.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a)</sup> Por que aínda están sen aplicar recomendacións do Consello de Contas de exercicios anteriores aceptadas pola Xunta de Galicia?
- 2.<sup>a)</sup> En concreto, ¿por que non se aplican as recomendacións de carácter contable?
- 3.<sup>a)</sup> Por que non se aplican as recomendacións referidas á transparencia e ao control das entidades?
- 4.<sup>a)</sup> Está previsto someter ás axencias e outros entes instrumentais a sistemas periódicos de avaliación dos seus obxectivos?



5.<sup>a)</sup>) Están previstas accións para garantir unha maior proporción de autofinanciamento en sociedades mercantís e Fundacións?

Pazo do Parlamento, 2 de setembro de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Teresa Porritt Lueiro  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/09/2019 10:39:15**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 02/09/2019 10:39:30**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo e Montserrat Prado Cores,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en comisión**, sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galiza para garantir o respecto e cumprimento dos dereitos sexuais, como dereitos humanos universais, no ámbito educativo

A Organización das Nacións Unidas (ONU) publicou en xullo de 2013 un Informe do Relator especial sobre o dereito á educación. Nel, aborda o dereito á educación sexual como un dereito humano e insta os Estados Membros da ONU a promover o deseño e execución de políticas públicas integrais e sustentábeis co obxectivo específico de garantir ás súas poboacións o dereito humano á educación sexual integral.

A sexualidade é unha actividade inherente aos seres humanos, que abrangue múltiples dimensións persoais e sociais, é dicir, fai parte do desenvolvemento da nosa personalidade. Porén, permanece en numerosas ocasións oculta ou exclusivamente ligada á reprodución.

Neste senso, a ONU advertiu en 2013 que as persoas sempre somos informadas sexualmente, por acción ou omisión, a través das escolas, das familias, dos medios de





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

comunicación... de maneira que a decisión de non brindar educación sexual nos centros de ensino supón optar por unha forma omisiva de educación sexual, por un currículo oculto, que deixa ás crianças e adolescentes á súa sorte en canto ao tipo de coñecementos e mensaxes que reciben.

“A ausencia dunha educación sexual planificada, democrática e plural, constitúe de facto un modelo (por omisión) de educación sexual, de consecuencias notabelmente negativas para a vida das persoas, que reproduce acriticamente as prácticas, nocións, valores, e actitudes patriarcais, que son fonte de múltiples discriminacións”, conclúa o Relator especial no seu informe.

É por iso, que as Nacións Unidas veñen reclamando a implementación de programas sobre educación sexual nas escolas adaptados ás distintas etapas educativas, velando pola súa inclusión desde o nivel primario e garantindo que se estenda á totalidade da poboación escolar.

Galiza conta desde 1981 con competencia plena na regulamentación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

No noso país, malia os avances experimentados nos últimos anos, a educación sexual non está incorporada aos currículos educativos e apenas se aborda de maneira esporádica, desde unha perspectiva bioloxicista e preventiva, isto é, lonxe do enfoque integral recomendado internacionalmente.

No entanto, cómpre sinalar, como experiencia positiva, o programa Quérote+ incluído no Plan Proxecta que si aborda a sexualidade como unha condición indisociábel do ser humano e visa proporcionar á mocidade ferramentas e instrumentos





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

que acompañen e axuden ás mozas e mozos no seu proceso de sexuación cun enfoque integral, con perspectiva de xénero e de respecto á diversidade. Porén, o programa apenas se oferta para o alumnado de 3º da ESO e a FP Básica.

Para o Bloque Nacionalista Galego a incorporación da educación sexual e afectiva ao currículo escolar en todas as etapas educativas, cun enfoque integral, é, ademais dun dereito fundamental como apunta a ONU, un elemento central na loita contra a violencia machista e a prol dunha sociedade más xusta, democrática e equitativa.

Neste senso, segundo os estudos elaborados polo Goberno español, o índice de violencia física ou sexual que sufrieron as mulleres entre 16 e 24 anos que tiveron algunha vez na vida parella, ascende ao 11,7% (a media é do 13% para o total de mulleres residentes no Estado español). Ao mesmo tempo, o 38% das mulleres entre 16 e 24 anos que tiveron parella afirman ter sufrido violencia de control, e entre os 16 e 17 anos a porcentaxe increméntase até o 42,6%, sendo o promedio para todas as idades do 26,4%.

No caso galego, onde a Xunta de Galiza non ten desenvolvido estudio algúin en relación á violencia machista entre a mocidade, porén, a Fiscalía Superior ten advertido do incremento da violencia de xénero entre as persoas menores de idade. Así, na memoria correspondente ao ano 2017, rexistra un aumento do 25% deste tipo de delitos en menores.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Como valora a Xunta de Galiza a situación actual da educación sexual e afectividade no noso país?
- Cantos centros de ensino e canto alumnado cursaron o Programa de Educación sexual Quérote+ que se imparte no marco do Plan Proxecta?
- Valorou a Xunta de Galiza desenvolver un Plan galego de educación sexual e afectividade que abranga o conxunto do estudiantado do noso país, adaptado a cada etapa educativa?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2019

**Asdo.: Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 02/09/2019 11:03:52**

**Xosé Luis Bará Torres na data 02/09/2019 11:04:32**

**María Montserrat Prado Cores na data 02/09/2019 11:04:38**

**Noa Presas Bergantiños na data 02/09/2019 11:04:46**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 02/09/2019 11:04:53**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/09/2019 11:05:00**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.<sup>a</sup>**

Os propietarios de vivendas de protección autonómica situadas no Edificio Isla Esmeralda, en Noia, veñen denunciando as deficiencias constructivas que afectan gravemente ás súas vidas dende hai máis de 10 anos.

A veciñanza reclama á Promotora Toarinco de Inversiones SL que arranxe ditas deficiencias ao que esta se vén negando sistematicamente.

Así veciños e veciñas recorren á vía xudicial onde a xustiza lle veu dar a razón aos propietarios das vivendas e, en sentenza ratificada na Audiencia provincial, decretouse a obriga da promotora de arranxar as deficiencias.

A pesar disto a promotora nada fixo e a situación segue igual, tendo a veciñanza que facerse cargo de arranxos que por sentenza debería sufragar a promotora.

Dáse a particularidade que a vivenda ten a cualificación de vivenda de protección autonómica e, polo tanto, someteuse ao procedemento de cualificación fixado na lexislación do momento e percibiu as axudas e vantaxes correspondentes, ligadas estas axudas ao cumprimento da lexislación.

Polo tanto o Goberno galego, ademais de velar polos dereitos de veciñas e veciños, debe de garantir que os recursos públicos son utilizados conforme a lei para acadar os obxectivos pretendidos.

De aí deriva a responsabilidade da Xunta de Galicia neste tema que debe de asumir tomando cartas no asunto e investigando a situación por si tivese que tomar medidas.



Por todo o exposto o Grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta para resposta oral en Comisión:

- Que actuacións levou a cabo ou vai levar a cabo o Goberno galego en relación a este asunto?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 02/09/2019 11:33:05**

**Marcos Cal Ogando na data 02/09/2019 11:33:18**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo e Montserrat Prado Cores,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en comisión 7ª**, relativa ao Consello Agrario Galego.

Coa lei 1/2006 de 5 de xuño créase o Consello Agrario Galego coma órgano que asume e articula as relacións entre a Administración Galega e as organizacións profesionais agrarias, recoñecéndolles tamén o papel de vertebración democrática do mundo rural segundo explica a exposición de motivos da mesma.

O artigo 1º desta lei define ao Consello Agrario Galego como un órgano permanente de participación, asesoramento, diálogo e consulta da Administración galega en materia agraria e más en desenvolvemento rural.

O artigo 4º, que versa sobre a composición do mesmo, establece que estará integrado por vinte e catro membros, dos que doce correspóndenlle ás “organizacións agrarias más representativas de Galicia”.

Segundo a lei, convocáronse as primeiras eleccións democráticas no agro galego que celebráronse o 26 de maio de 2002 determinaron como as más representativas das organizacións profesionais agrarias constituídas en Galicia as de





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Xóvenes Agricultores (XXAA), Unións Agrarias (UUAA) e Sindicato Labrego Galego (SLG).

Mais desde a constitución do Consello Agrario Galego (CAG), no 2006, a realidade do agro galego ten mudado, e ten mudado moito, tanto o mundo rural coma as organizacións agrarias. De feito unha das que facía parte do mesmo desapareceu, en concreto Xóvenes Agricultores.

Vemos pois que no que respecta ás organizacións que formaban parte inicialmente o CAG, téñense producido grandes variacións polo que a situación actual do mesmo non ten nada que ver coa situación de partida, encontrándose, nestes momentos nunha situación anómala, deixando de cumplir o que dispón o artigo 4º da propia lei en canto á composición do mesmo na representación das organizacións profesionais agrarias.

Por outra parte o artigo 5º determina que o pleno do CAG terá de se reunir, como mínimo, en sesión ordinaria catro veces por ano.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 7ª:

- 1.- Como ten previsto solucionar o funcionamento anómalo do CAG en canto á composición do mesmo?
- 2.- Como ten previsto medir a representatividade das distintas organizacións agrarias presentes actualmente no agro galego?





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3.- Está a reunirse o CAG de acordo co establecido no artigo 5º da lei do Consello Agrario Galego?

4.- Que criterios está a seguir a Consellería do Medio Rural para establecer o diálogo e a representatividade debida coas organizacións e entidades agrarias?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2019 12:15:46**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2019 12:15:53**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2019 12:15:55**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2019 12:15:59**

**Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2019 12:16:01**

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2019 12:16:03**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

O río Furelos é o que se di un río con personalidade, aparece nas cantigas tradicionais da zona, famoso polas súas troitas e nos últimos tempos polas actividades que xera. Nel, tódolos anos, centos de rapaces e rapazas participan en campañas de limpeza do mesmo ó tempo que adquieren conciencia e hábitos de conservación da natureza.

Ten así mesmo unha asociación de troiteiros moi activa que leva o seu nome e que coida da súa saúde medioambiental.

Pois ben, o pasado 17 de marzo de mañanciña saltaron tódalas alarmas desde os pescadores porque se observaba unha capa de escuma de varios centímetros de espesor na tona da auga. de escuma e augas. Feito un seguimento río arriba comprobouse que o citado vertido procedía do polígono industrial .

Sabido é que este polígono cunha moi boa implantación e actividade verte libremente ó rego de Piñor-Reboreda que da as súas augas ó Furelos e este á súa vez ó Ulla.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Sabido é tamén que ademais destes vertidos constantes acontecen con certa frecuencia os que se fan visibles pola súa intensidade e por veces pola mortandade piscícola que se aprecia a simple vista.

Ninguén se explica que tal polígono industrial teña a ocupación que ten, leve funcionando todos estes anos e que non conte cunha estación depuradora industrial como é preceptivo e manda a lei. Só desde o desinterese, falta de conciencia e conculcación da legalidade das autoridades responsables do medio ambiente e da calidade das augas tanto do concello coma da Xunta de Galicia é que se pode explicar tamaña situación.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Sabe o goberno galego que o polígono de Melide carece de EDAR e que verte directamente ó Furelos e logo ó Ulla?

-Sabe o goberno galego que por veces rexístranse vertidos que poñen en perigo a vida existente no regato de Piñor, o río Furelos e o Ulla do que hai poboacións río abaxo que toman auga para consumo humano?

-Teñen pensado tomar algunha medida?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 03/04/2019 11:01:23**

**María Montserrat Prado Cores na data 03/04/2019 11:01:29**

**Ana Pontón Mondelo na data 03/04/2019 11:01:31**

**Olalla Rodil Fernández na data 03/04/2019 11:01:32**

**Noa Presas Bergantiños na data 03/04/2019 11:01:34**

**Xosé Luis Bará Torres na data 03/04/2019 11:01:35**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.ª.**

O 1 de maio de 2017 a Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias emitiu un informe negativo sobre o proxecto promovido pola empresa ERIMSA de extracción de seixo, nos concellos de Frades e Mesía.

O informe era moi contundente e deixaba ben claro a incompatibilidade da actividade mineira proposta coa actividade agrícola e gandeira maioritaria na zona.

Manifestábase con rotunda claridade no informe preceptivo:

“Esta Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias non pode por máis que pronunciarse en contra do proxecto sinalado, ao considerar que os importantes efectos negativos que se causarían sobre a produción agrogandeira da zona, afectarían gravemente aos concellos de Mesía e Frades, por ser esta un alicerce fundamental da súa actividade económica, social e cultural, manténdose a devandita afectación negativa no tempo tras o remate das actuacións”.

“É por iso que desde a Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias rexeitamos o proxecto con rotundidade, e recomendamos que non se permita a realización dos traballos referidos”.

Tamén subliñaba que nas parcelas afectadas pola mina investíranse millóns de euros (20 millóns, só en Mesía) en concentracións parcelarias e outros 608.000 euros en axudas ás industrias agroalimentarias e para a comercialización dos seus produtos.



Por iso vemos con sorpresa e desagrado a aprobación da concesión mineira 7138 mediante a resolución do Director Xeral de Enerxía e Minas, na que consta un cambio no informe da nova Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, nas que se rectifica o informe anterior por unhas medidas parciais e insuficientes, como son a exclusión das leiras de agricultura ecolóxica e a imposibilidade da expropiación forzosa.

Estas medidas non son suficientes para preservar os valores agrolóxicos dos solos dunha das zonas máis gandeira de Galiza, pois non preservan os solos que neste momento non están a ser utilizados para gandaría ou agricultura pero que teñen potencial para ter ese uso no futuro.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta para resposta oral en Comisión:

- 1) Como explica o Goberno galego o cambio de criterio da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias?
- 2) Considera que con esta resolución, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, a Xunta de Galicia está a apostar por unha gandaría baseada na terra, un dos obxectivos do Plan Estratéxico de Galicia?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 02/09/2019 13:25:14**

**Marcos Cal Ogando na data 02/09/2019 13:25:25**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García, Manuel Lago Peñas e Luca Chao Pérez**, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6.<sup>a</sup>**.

Euskaltel anunciou o pasado mes de xullo un plan para a deslocalización de empregos de Galiza cara Asturias e Euskadi, decisións que afectan a R e á subcontrata Comfica.

A decisión xa afecta a 10 traballadores de R e a 20 de Comfica, pero pode poñer en perigo, de seguir con esta política, ata a 1000 traballadores e traballadoras de subcontratas galega que realizan os servizos de mantemento.

Así é como se traduce negativamente o feito da venta de R a Euskaltel, perdendo unha vez máis Galiza o poder de decisión, e quedando ao albur de decisións alleas.

É unha nova ameaza para o emprego en Galiza que se produce ademais dentro dunha empresa, R, que recibiu moitos recursos públicos nos anos previos.

Os traballadores e traballadoras das auxiliares como COMFICA e INDRA levan semanas de mobilización esixindo a implicación da Xunta de Galicia na defensa dos postos de traballo.

Demandan nos contactos co Goberno galego a súa implicación na creación dunha mesa de diálogo e negociación coas partes implicadas co obxectivo final de evitar unha deslocalización que prexudica aos traballadores e traballadoras e tamén á calidade do servizo para os clientes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:



- Que accións pensa levar a cabo o Goberno galego para evitar a deslocalización de postos de traballo en R e nas empresas auxiliares?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Luca Chao Pérez

Manuel Lago Peñas

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 02/09/2019 15:56:15**

**Luca Chao Pérez na data 02/09/2019 15:56:31**

**José Manuel Lago Peñas na data 02/09/2019 15:56:44**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira, Francisco Casal Vidal, Paula Vázquez Verao e Davide Rodríguez Estévez**, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario Mixto ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento do Parlamento de Galicia, presentan as seguintes **Preguntas para a súa resposta oral na Comisión 3<sup>a</sup>**

O 16 de xuño entrou en vigor a Lei 5/2019, de 15 de marzo, reguladoras dos contratos de crédito inmobiliario, 3 meses despois da publicación no BOE.

Chega 3 anos tarde, e aprobouse no límite máximo de transposición á normativa estatal, xa que se agardaba a disolución das cámaras pola convocatoria electoral no mes de abril deste ano. Se non se aprobaba esta transposición da Directiva 2014/17/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 4 de febreiro de 2014, sobre os contratos de crédito celebrados cos consumidores para bens inmobles de uso residencial, implicaría sancións millonarias da UE ao estado español.

A norma trae efectos beneficiosos para as persoas consumidoras, pois establece varias obligas para o banco, como o pago de impostos que antes correspondían exclusivamente as persoas que contrataban estes créditos. Tamén un control máis exhaustivo por parte do banco da solvencia dos consumidores que solicitan o préstamo.

Por outra banda, tamén o colexio notarial ten unha labor de asesoramento antes da firma e no momento da mesma, tendo que remitir a documentación que posteriormente se asinará cunha antelación de 10 días á sinatura. A elección da notaría será por conta da consumidora, que a recibirá para explicarlle de xeito pormenorizado todos os puntos da hipoteca que se vai contratar, e que revisará que non existan cláusulas abusivas no contrato. Esta actuación será gratuíta e ademais a notaría realizarolle un cuestionario sobre o nivel de coñecemento que ten esa persoa sobre o que está a contratar e que constará nunha acta.

Ademais, endurécense os requisitos para a execución hipotecaria, que se incrementan ata os 12 cotas do préstamo de impago ou o 3% do capital prestado polo banco ou aos 15 cotas do préstamo de impago ou o 7% do capital prestado, dependendo do tempo de vida do préstamo hipotecario.

Na fase precontractual os bancos teñen que entregar a FEIN (Ficha Europea de Información Normalizada) coa información personalizada da hipoteca e a FIAE (Ficha



de Advertencias Estandarizadas) na que constan as cláusulas e elementos relevantes da hipoteca.

Neste período de escasa vixencia da norma os efectos para o noso país son os seguintes:

- Galicia é o terceiro país nos que máis alto está o xuro medio, que acada o 2,61% os préstemos hipotecarios, despois de Cataluña e de Canarias.
- Seguen a contratarse préstamos a tipo fixo que son más caros, e que sitúan ao noso país sitúa na quinta posición cunha taxa de 49,42% de hipotecas asinadas nesta modalidade respecto do total, todo segundo datos da Estatística Rexistral Inmobiliaria.
- O número de hipotecas descendeu no número de contratacóns ata un 7,3% no mes de xuño.

Porén no Instituto Galego de Consumo e da Competencia ( IGCC) non aparece ni tan sequera a nova normativa, no que respecta á páxina web, e seguen falando da Ficha Personalizada que existía antigamente.

Por tanto, non se está nin sequera a facer unha publicidade sobre a nova normativa que pode favorecer en determinados aspectos ao conxunto da cidadanía.

Polo exposto, a deputada e os deputados que subscreiben formulan as seguintes preguntas á Xunta de Galicia para a súa resposta oral na Comisión 3<sup>a</sup>:

- 1.-Que lle parece a Xunta que non se actualicen as normas na páxina web do IGCC?
- 2.-Ofrece o IGCC información sobre a lei 5/2019? A través de que medios?
- 3.- Realizou a Xunta unha campaña de difusión das novas características e condicións que amparan as consumidoras sobre os préstemos hipotecarios para adquirir unha vivenda? De realizarse, diga cando e onde se realizou?
- 4.- De ser negativa a resposta, cando pensa a Xunta facer unha campaña informativa para explicar as novas condicións da lei 5/2019?
- 5.- Editouse algún folleto explicativo desde a Xunta de Galicia de dita lei?

Santiago de Compostela, a 2 de setembro de 2019.

Asdo: Francisco Casal Vidal

Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Deputada e deputados do G.P. Mixto

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 02/09/2019 15:42:54**

**David Rodríguez Estévez na data 02/09/2019 15:43:00**

**Francisco Casal Vidal na data 02/09/2019 15:45:58**

**Luis Villares Naveira na data 02/09/2019 15:46:11**



## Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**.

Este verán tivemos coñecemento da problemática que están a ter as traballadoras e traballadores afectados pola deslocalización de servizos de provisión e xestión da rede de R, debido ao acordo de Euskaltel de entregar empresa ZTE servizos de operación e mantemento, unha deslocalización e perda de emprego en Galicia que afectará tamén a outros servizos como enxeñería e desenvolvemento ou atención telefónica.

Ademais, as traballadoras e traballadores denuncian a falta de propostas e soluciós por parte das empresas que desoen as peticións de xuntanza das representantes das traballadoras.

Unha nova desfeita en postos de traballo, que se suma a deslocalizacíons en outros sectores e que responde ao mecanismo de abaratamento dos custes a costa dos dereitos laborais das traballadoras e traballadores e da perda de emprego e servizos en Galicia.

Debe ser obriga da Xunta de Galicia, intentar na medida das súas posibilidades garantir e manter os postos de traballo, evitando deslocalizacíons innecesarias.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguinte PREGUNTAS:

- Dende cando ten coñecemento o Goberno desta situación?



- Tivo o ou pensa ter o Goberno algunha xuntanza coa empresa e as representantes das traballadoras coa finalidade de mediar no conflito?
- Que valoración fai o Goberno dos procesos de deslocalización de postos de traballo que están tendo lugar en Galicia?
- Que medidas pensa tomar para evitar estas deslocalizacions?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 02/09/2019 16:18:04**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do establecido no artigo 156 do Regulamento desta Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa contestación oral na Comisión 5<sup>a</sup>**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 29 de abril de 2019 foron publicados os pregos das condicións técnicas do concurso público para a prestación do servizo de transporte sanitario urxente por parte da Fundación Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

Con respecto ás “equipas humanas”, os pregos (páxina 11) sinalan que:

- as ambulancias deberán dispor dun condutor en posesión do título de formación profesional de TES e outro/a en funcións de axudante, coa mesma titulación, como mínimo.

Deste requerimento, exceptúanse as ambulancias de Soporte Vital Avanzado de Foz, Monforte e do Salnés, que só deberán contar cun TES.

A correcta dotación en equipa humana das ambulancias permite a eficiencia na atención das urxencias extrahospitalarias. Eliminar un efectivo do persoal técnico recorta a capacidade para localizar a urxencia e chegar ata ela, e, polo tanto, engade un factor que eleva os tempos de actuación.

No caso de Foz, isto supón un recorte no actual servizo, cunha ambulancia medicalizada que conta en cada quenda con dous TES, médico e DUE.

Por outra parte, dende 2011 o horario da ambulancia asistencial con base en Foz recortouse ás 12 h, en lugar de ser de 24 h, o que converte esta zona nunha das de menor dotación de ambulancias de soporte vital básico.

Polo exposto, as a deputada e deputado que subscriben formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5<sup>a</sup>:



- 1.- Por que se recorta no servizo de ambulancia medicalizada en Foz?
- 2.- Por que a Xunta trata como cidadanía de segunda á poboación da Mariña lucense, no que ten que ver con transporte sanitario urxente?
- 3.- Vai a Xunta rectificar a súa política de recortes no transporte sanitario urxente de Foz?
- 4.- Se vai haber un aumento do orzamento do transporte sanitario urxente para a Mariña nos vindeiros anos, por que se recorta en persoal?

Santiago de Compostela, a 2 de setembro de 2019.

Asinado: Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira  
Deputada e deputado do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 02/09/2019 18:27:55**

**Luis Villares Naveira na data 02/09/2019 18:28:00**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do establecido no artigo 156 do Regulamento desta Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa contestación oral na Comisión 5<sup>a</sup>**

O 29 de abril de 2019 foron publicados os pregos das condicións técnicas do concurso público para a prestación do servizo de transporte sanitario urxente por parte da Fundación Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

Con respecto ás “equipas humanas”, os pregos (páxina 11) sinalan que: as ambulancias deberán dispor dun condutor en posesión do título de formación profesional de TES e outro/a en funcións de axudante, coa mesma titulación, como mínimo.

Deste requerimento, exceptúanse as ambulancias de Soporte Vital Avanzado de Foz, Monforte e do Salnés, que só deberán contar cun TES.

A correcta dotación en equipa humana das ambulancias permite a eficiencia na atención das urxencias extra-hospitalarias. Eliminar un efectivo do persoal técnico recorta a capacidade para localizar a urxencia e chegar ata ela, e, polo tanto, engade un factor que eleva os tempos de actuación.

O distrito sanitario de Monforte de Lemos conta coas seguintes dotacións do 061: unha ambulancia de soporte vital básico en Monforte, que atende os concellos de Lemos, unha con base en Chantada, para a área de Saviñao, Chantada e Carballedo, e outra con base en Quiroga, que leva Quiroga, Ribas de Sil e O Courel. É dicir: só hai tres ambulancias do 061 operativas en cada quenda para todo o sur de Lugo. Courel. É dicir: só hai tres ambulancias do 061 operativas en cada quenda para todo o sur de Lugo.

Ao haber só 3 ambulancias do 061 de soporte vital básico operativas en cada momento en toda a zona, con base en Quiroga, Chantada e Monforte, cando unha delas está nun servizo, envíase outra doutra base a atender outro servizo, se se precisa, co cal unha das zonas queda sen cobertura rápida, o que é especialmente acusado na zona de Taboada. Ao haber só 3 ambulancias do 061 de soporte vital básico operativas en cada momento en toda a zona, con base en Quiroga, Chantada e Monforte, cando unha delas está nun servizo, envíase outra doutra base a atender outro servizo, se se precisa, co cal unha das zonas queda sen cobertura rápida, o que é especialmente acusado na zona de Taboada.

Era unha reivindicación esencial da cidadanía e dos e das técnicas do 061 do distrito sanitario de Monforte a necesidade dunha nova ambulancia asistencial para Monforte, de xeito que en cada quenda haxa catro ambulancias operativas, e dunha ambulancia medicalizada. Era unha reivindicación esencial da cidadanía e dos e das técnicas do 061 do distrito sanitario de Monforte a necesidade dunha nova ambulancia asistencial para



Monforte, de xeito que en cada quenda haxa catro ambulancias operativas, e dunha ambulancia medicalizada.

Finalmente, a Xunta anuncia a nova ambulancia medicalizada, pero só require para ela un/unha TES, a diferencia das ambulancias do resto do País. Finalmente, a Xunta anuncia a nova ambulancia medicalizada, pero só require para ela un/unha TES, a diferencia das ambulancias do resto do País.

A correcta dotación en equipa humana das ambulancias permite a eficiencia na atención das urxencias extrahospitalarias. Eliminar un efectivo do persoal técnico recorta a capacidade para localizar a urxencia e chegar ata ela, e, polo tanto, engade un factor que eleva os tempos de actuación.

Polo exposto, a deputada e deputado que subscreiben presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral:

- Por que se burla a Xunta da cidadanía do sur de Lugo dotando a ambulancia medicalizada só cun/cunha técnico/a en emerxencias sanitarias?
- Vai a Xunta rectificar e modificar o concurso público do servizo de transporte sanitario urxente e incluír no servizo de ambulancia medicalizada de Monforte dous ou dúas técnicos/as de emerxencias sanitarias, ademais de médico/a e enfermeiro/a?
- Escoita a Xunta as reivindicacións do persoal das ambulancias do 061 do distrito de Monforte? Coñece os problemas do servizo?

Santiago de Compostela, a 2 de setembro de 2019

Asinado: Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira  
Deputada e deputado do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 02/09/2019 19:07:03**

**Paula Vázquez Verao na data 02/09/2019 19:07:10**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do establecido no artigo 156 do Regulamento desta Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4<sup>a</sup>**

O castro da Atalaia, en Cervo, é un dos xacementos da Idade do Ferro más interesantes da costa cantábrica.

Entre 2006 e 2007 o Concello de Cervo outorgou licenza urbanística para unha promoción inmobiliaria que foi paralizada por Patrimonio, ao non poderse realizar pola existencia do xacemento, sen evitar, con todo, danos ao conxunto.

Recentemente, no transcurso dunhas obras municipais de saneamento, redescubriuse unha sauna, un elemento do que xa había constancia. Froito do mesmo, a sauna foi sometida a un control arqueolóxico que non implicou unha escavación.

Dita intervención arqueolóxica permitiu documentar **catro estancias**, con algunas **paredes de ata tres metros de altura** –cando o habitual neste tipo de construcións é que non se conserven en pé máis de 40 ou 50 centímetros- que se conservan **desde o solo ata o tellado**. Atopouse unha **antesala** cun **banco corrido**, un **tanque ou piscina de auga** e un **forno adosado**, onde se quentaban os **cantos rodados** que se botaban na auga para aumentar a temperatura e provocar a suor dos usuarios.

O propio arqueólogo responsable da intervención considera “**parcial e insuficiente**” esta actuación no xacemento e destaca o seu **inusual estado de conservación** grazas a ficar durante séculos cuberto de area.

As obras proseguiron tras o control arqueolóxico, coa obriga de protexer con xeotéxtil e camada de áridos as estruturas da sauna da Atalaia. Sen embargo, a capa de áridos era tan escasa que, co trasego da maquinaria pesada sobre a zona, xa asoma o xeotéxtil.

Atopámonos ante un elemento arqueolóxico de gran interese para comprender a sociedade galaico-romana e nun excelente estado de conservación, mais non hai intención por parte da Xunta nin de afondar no seu estudo nin de intervención algúnhha



de posta en valor do Castro da Atalaia e dos seus elementos. Segundo Mariña Patrimonio, podemos atoparnos ante a sauna da Idade do Ferro mellor conservada de Europa.

Polo exposto, a deputada e o deputado que subscriben formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na comisión 4ª:

1. Por que a Xunta detivo as actuacións de control arqueolóxico da sauna da Atalaia?
2. Cando vai ser catalogada a sauna da Atalaia?
3. Que medidas vai impulsar a Xunta para conservar e divulgar a sauna da Atalaia e o conxunto dos elementos do castro?
4. Considera a Xunta propio dun estado democrático a situación do castro da Atalaia?
5. Considera acaída a protección con xeotextil e camada de áridos aplicada na sauna da Atalaia para continuar as obras?

Santiago de Compostela, a 02/09/2019.

Asinado: Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira,  
deputada e deputado do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 02/09/2019 19:57:25**

**Paula Vázquez Verao na data 02/09/2019 19:57:29**





## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª; Pesca e Marisqueo**.

A loita contra o furtivismo é un dos caballos de batalla da Consellería do Mar, unha tarefa na que é clave a implicación da sociedade e o traballo conxunto entre as administracións e o sector.

As accións de furtivismo supoñen un prexuízo económico para os traballadores do marisqueo, xa que afecta aos profesionais que teñen permiso de explotación, sementan o marisco, limpan as praias e pagan os impostos. Tamén é un problema ambiental, porque supón un prexuízo para o ecosistema; e de saúde, porque supón un risco para quen consume produto extraído de xeito ilegal e comercializado de forma irregular ao non ter pasado ningún tipo de control que o avale.

Coa chegada do verán, as praias das costas galegas éñchense de turistas. En ocasións, prodúcense situacíons de tensión entre estes e os traballadores do marisqueo, pola extracción ilegal do recurso do que viven.

Para loitar contra este problema precísase maior concienciación, especialmente nas zonas costeiras nas que conviven areais turísticos con polígonos de marisqueo.

É neste contexto no que xorde a campaña de verán “*Non sexas pirata! Á praia vense a gozar, non saquear*”, co obxectivo de dar visibilidade á problemática do “*turismo de bañador*”.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulañan as seguintes preguntas orais en comisión:

- Cales son os contidos e como é o desenvolvemento da campaña “*Non sexas pirata! Á praia vense a gozar, non saquear*” durante o verán de 2019?



- Que balance fai da evolución da campaña "Non sexas pirata! Á Praia vence a gozar, non saquear" desde a súa posta en marcha?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 03/09/2019 09:38:38**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 03/09/2019 09:39:11**

**Martín Fernández Prado na data 03/09/2019 09:39:20**

**Alberto Pazos Couñago na data 03/09/2019 09:39:44**

**Marta Rodriguez Arias na data 03/09/2019 09:39:57**

**María Soraya Salorio Porral na data 03/09/2019 09:40:12**

**Daniel Vega Pérez na data 03/09/2019 09:40:24**





## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª; Pesca e Marisqueo**.

Galicia realiza funcións de salvamento desde 1990. Sen embargo, non foi ata a promulgación da *Lei 2/2004, de 21 de abril*, que se crea o Servizo de Gardacostas con esa denominación.

Un servizo que nos seus 25 anos de historia salvou a vida de máis de 1.500 persoas e que, na actualidade, opera as 24 horas e os 365 días do ano, dando resposta inmediata aos incidentes que se producen na costa galega.

Un servizo que loita contra o furtivismo e os que extraen de forma ilegal, sen o correspondente permiso de explotación, o recurso do que viven os traballadores do marisqueo; e que trata de evitar a venda dos produtos do mar fóra das vías legais de comercialización, preservando así a saúde dos consumidores.

Desde a Xunta de Galicia estase facendo un importante esforzo na loita contra o furtivismo en todo o litoral de Galicia, co apoio, desde o 2009, do “*Plan de loita contra o furtivismo*”.

Unha planificación integral centrada en que o recurso non saíse do seu medio, incautando as artes e os medios empregados na súa obtención ilegal.

No programa co que obtivemos a confianza maioritaria dos galegos en setembro de 2016, o PPdeG comprometeuse co avance na loita contra o furtivismo. Establecía dito documento que “*Continuaremos avanzando no axuste e mellora do programa de acción contra o furtivismo, organizando operativos convxuntos cos gardapescas dependentes das confrarías e estreitando a colaboración coa Unidade da Policía Nacional adscrita á Comunidade Autonómica, para o que tamén se reforzará o grupo de axentes que prestan apoio ás funcións do persoal de Gardacostas*

” ao tempo que, xa centrados no eido do marisqueo, defendíase que “*Manteremos unha loita activa contra o furtivismo, en colaboración e coordinación cas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, como elemento fundamental para acadar no só un incremento da produtividade dos bancos marisqueiros, senón tamén para mellorar a calidade de vida do sector e a dignificación da actividade profesional.*”

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



No caso particular do polbo, os útiles requisados soen estar calados de forma irregular, o que pode significar que, ou se sitúan en zonas prohibidas, ou se colocan en tempo de veda, ou non levan a correspondente identificación.

Unha actividade cunha capacidade de atracción infractora alta, acrecentada por uns elevados prezos no mercado, derivados dos bos resultados nos pósitos galegos, xa que na última campaña comercializáronse preto de 2.000 Ton, cuxas ventas alcanzaron unha facturación próxima aos 17 M €, a cifra máis alta en dez anos.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulañan a seguintes preguntas orais en comisión:

-Cales foron os resultados acadados polo Servizo de Gardacostas na súa actividade de loita contra o furtivismo no tinxinte ao levantamento de nasas no verán de 2019?

-Que balance fai da evolución da actividade inspectora e infractora do Servizo de Gardacostas nesta área de actividade nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 03/09/2019 10:01:24**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 03/09/2019 10:01:38**

**Martín Fernández Prado na data 03/09/2019 10:01:50**

**Alberto Pazos Couñago na data 03/09/2019 10:02:23**

**Marta Rodriguez Arias na data 03/09/2019 10:02:59**

**María Soraya Salorio Porral na data 03/09/2019 10:03:29**

**Daniel Vega Pérez na data 03/09/2019 10:03:40**



## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Galicia realiza funcións de salvamento desde 1990. Sen embargo, non foi ata a promulgación da *Lei 2/2004, de 21 de abril*, que se crea o Servizo de Gardacostas.

Un servizo que nos seus 25 anos de historia salvou a vida de máis de 1.500 persoas e que, na actualidade, opera as 24 horas e os 365 días do ano, dando resposta inmediata aos incidentes que se producen na costa galega.

Un servizo que loita contra o furtivismo e os que extraen de forma ilegal, sen o correspondente permiso de explotación, o recurso do que viven os traballadores do marisqueo; e que trata de evitar a venda dos produtos do mar fóra das vías legais de comercialización, preservando así a saúde dos consumidores.

Desde a Xunta de Galicia estase facendo un importante esforzo na loita contra o furtivismo en todo o litoral de Galicia, co apoio, desde o 2009, do “*Plan de loita contra o furtivismo*”.

Unha planificación integral decidida a erradicar o furtivismo, evitar a fraude e garantir a salubridade dos produtos do mar, centrada en que o recurso non saíse do seu medio, incautando as artes e os medios empregados na súa obtención ilegal.

Xunto ao Plan, neste labor foron imprescindibles tres accións:

- O desenvolvemento de medidas de sensibilización social.
- A mellora da coordinación con outros corpos, como a Garda Civil, a Unidade de Policía Nacional adscrita a Galicia, as Polícias Locais e os gardapescas das Confrarías de Pescadores.
- E a consecución da tipificación do furtivismo como delito no Código Penal no 2015. Unha acción que permitiu contabilizar, ata o 2018, a 456 persoas detidas pola Policía Autonómica.

Conscientes da necesidade de afondar nestas accións, no programa co que obtivemos a confianza maioritaria dos galegos en setembro de 2016 o PPdeG comprometeuse co

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



avance na loita contra o furtivismo. Establecía dito documento que “Continuaremos avanzando no axuste e mellora do programa de acción contra o furtivismo, organizando operativos conxuntos cos gardapescas dependentes das confrarías e estreitando a colaboración coa Unidade da Policía Nacional adscrita á Comunidade Autonómica, para o que tamén se reforzará o grupo de axentes que prestan apoio ás funcións do persoal de Gardacostas” ao tempo que, xa centrados no eido do marisqueo, defendíase que “Manteremos unha loita activa contra o furtivismo, en colaboración e coordinación cas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, como elemento fundamental para acadar no só un incremento da produtividade dos bancos marisqueiros, senón tamén para mellorar a calidade de vida do sector e a dignificación da actividade profesional.”

Polo tanto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en comisión:

- Cales foron os resultados acadados polo Servizo de Gardacostas na súa actividade de loita contra o furtivismo no primeiro semestre do 2019?
- Que balance fai da evolución da actividade inspectora e infractora do Servizo de Gardacostas nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 03/09/2019 10:18:42**

**María Ángeles García Míguez na data 03/09/2019 10:18:57**

**Martín Fernández Prado na data 03/09/2019 10:19:10**

**Alberto Pazos Couñago na data 03/09/2019 10:19:25**

**Marta Rodríguez Arias na data 03/09/2019 10:20:08**

**María Soraya Salorio Porral na data 03/09/2019 10:20:20**

**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com**



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/09/2019 10:26:41  
**Nº Rexistro: 54903**  
Data envio: 03/09/2019 10:26:41.005

**Daniel Vega Pérez na data 03/09/2019 10:20:41**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

No marco da aprobación do Decreto 135/2016, do 6 de outubro, polo que se regulan a estrutura e a organización do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia e do desenvolvimento dunha acción na que se propuxo facer plans de zonas protexidas dentro do proxecto ARCOPEL PLATFORM, presentouse o Plan Camgal 2016-2020, co que se melloraban e actualizaban as ferramentas para a loita contra a contaminación mariña accidental.

Un dos seus obxectivos prioritarios foi a incorporación dun plan de continxencias específico para o Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas.

O Plan Illas Atlánticas abarca o territorio de varios concellos e comprende parte da zona mariña dos arquipélagos das: Illas Cíes, Illas Ons e Onza, Illas de Sálvora e illotes do seu entorno e Illas de Cortegada, Malveiras e outras illas próximas.

É por iso que nun principio pensouse en darlle a mesma entidade que teñen os plans dos concellos. Tras varias deliberacións e unha consulta informal ao Ministerio para la Transición Ecológica, acordouse que formase parte do Plan Camgal como anexo. Isto garantizaría que se un vertido afectaba a esta área específica, o Plan Camgal poríase en marcha.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en comisión:

-Que balance fai da aplicación do Plan Camgal no Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas?

-Cales son as principais vantaxes das previsións contidas para este espazo?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2019.

### Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/09/2019 10:38:29  
**Nº Rexistro: 54905**  
Data envio: 03/09/2019 10:38:29.331

**Teresa Egerique Mosquera na data 03/09/2019 10:32:53**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 03/09/2019 10:33:16**

**Martín Fernández Prado na data 03/09/2019 10:33:30**

**Alberto Pazos Couñago na data 03/09/2019 10:33:53**

**Marta Rodriguez Arias na data 03/09/2019 10:34:05**

**María Soraya Salorio Porral na data 03/09/2019 10:34:35**

**Daniel Vega Pérez na data 03/09/2019 10:34:45**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Dende o 2012 Galicia conta cunha ferramenta fundamental para a loita contra a contaminación mariña accidental, o Plan Camgal.

Conscientes da importancia do seu desenvolvimento, o Partido Popular de Galicia fixo no programa electoral co que obtivo a confianza maioritaria dos galegos en 2016 unha serie de compromisos arredor deste tema.

Dicía aquel documento que “*Na loita contra a contaminación mariña, a principal liña a seguir virá dada pola posta ao día e a adecuación do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental de Galicia (Plan CAMGAL) á nova planificación estatal nesta tarefa*” e entre os retos que enumeraba para esa posta ao día estaba o seguinte: “*Traballaremos a prol da elaboración dos Plans Locais por parte dos concellos litorais, colaborando e coordinando a súa integración na tarefa da loita contra a contaminación mariña accidental, co fin de minimizar os efectos negativos da mesma nos seus recursos socioeconómicos e ambientais*”.

Respondendo a ese mandato electoral, no 2016 e no marco do desenvolvimento dunha acción na que se propuxo facer plans de zonas protexidas dentro do proxecto ARCOPEL PLATFORM, presentouse o Plan Camgal 2016-2020.

Entre as novedades relevantes apuntadas na revisión do Plan Territorial por Contaminación Mariña Accidental de Galicia (CAMGAL), realizada en 2016, está precisamente a inclusión por primeira vez da obligatoriedade de elaboración de plans locais por parte dos concellos litorais implicándoo na loita contra a contaminación mariña accidental co fin de minimizar os efectos negativos da mesma nos seus recursos socioeconómicos e ambientais. Neste senso cabe destacar que o Sistema Nacional de Resposta, publicado con posterioridade, recolleu tamén os plans locais na organización da resposta a nivel nacional.

Este plan terá carácter obligatorio, conforme ao establecido no artigo 26 do Decreto 135/2016, do 6 de outubro, polo que se regulan a estrutura e a organización do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



Autónoma de Galicia, e que no relativo aos Plans locais de protección da ribeira do mar contra a contaminación, sinala que os concellos litorais remitirán á consellería competente na materia de loita contra a contaminación mariña accidental un plan local, segundo os criterios descritos para os plans locais no Sistema nacional de resposta.

Asemade, a consellería competente na materia de loita contra a contaminación mariña accidental emitirá informe sobre os plans locais e elevaraos á Comisión Galega de Protección Civil para a súa homologación.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulañan as seguintes preguntas orais en comisión:

- Como valora a necesidade de que os concellos costeiros contén un plan local contra a contaminación mariña accidental?
- Que balance fai da evolución da aprobación dos plans locais nos concellos costeiros de Galicia?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 03/09/2019 10:44:23**

**María Ángeles García Míguez na data 03/09/2019 10:44:41**

**Martín Fernández Prado na data 03/09/2019 10:44:51**

**Alberto Pazos Couñago na data 03/09/2019 10:45:03**

**Marta Rodríguez Arias na data 03/09/2019 10:45:18**

**María Soraya Salorio Porral na data 03/09/2019 10:45:35**

**Daniel Vega Pérez na data 03/09/2019 10:45:43**

**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com**



## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Fomentar unha pesca e unha acuicultura competitivas, ambientalmente e económicamente viables, sustentables e socialmente responsables e fomentar un desenvolvemento territorial equilibrado e integrador das zonas pesqueiras e acuícolas son dous dos obxectivos principais do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP) na busca da aplicación da Política Pesqueira Común.

En Galicia, desde 2016, convócanse anualmente unhas axudas de apoio ao sector acuícola, co fin de apoiar a este sector para facelo:

- Máis competitivo, mediante investimentos nos establecementos, de xeito que a producción se incremente en cantidade e calidade e as condicións de seguridade dos traballadores do mar sexan tamén mellores.
- E máis sustentable, mediante investimentos que aumenten a eficiencia enerxética.

Con estas axudas búscase:

- Protexer e recuperar a biodiversidade acuática.
- Potenciar os ecosistemas relacionados coa acuicultura.
- E fomentar a acuicultura eficiente no uso dos recursos.

Nesta liña, a finais do 2018, publicouse unha ORDE que tiña por obxectivo mellorar o rendemento global e a competitividade das explotacións acuícolas e reducir o impacto ambiental negativo do seu funcionamento.

A ORDE estivo dotada cun orzamento de máis de 17,8 M € para investimentos que axudasen a aumentar a eficiencia enerxética e que fomentasen a reconversión das empresas acuícolas en fontes de enerxía renovables.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulaan as seguintes preguntas orais en comisión:

**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com**



- Cales foron os resultados acadados na última convocatoria de axudas de apoio ao sector acuícola, en xeral, e ao sector miticulor, en particular?
- Que balance fai da evolución das últimas convocatorias de axudas de apoio ao sector acuícola, en xeral, e ao sector miticulor, en particular?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2019.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/09/2019 10:56:46  
**Nº Rexistro: 54909**  
Data envio: 03/09/2019 10:56:46.841

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 03/09/2019 10:50:48**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 03/09/2019 10:51:03**

**Martín Fernández Prado na data 03/09/2019 10:51:12**

**Alberto Pazos Couñago na data 03/09/2019 10:51:45**

**Marta Rodriguez Arias na data 03/09/2019 10:51:59**

**María Soraya Salorio Porral na data 03/09/2019 10:53:06**

**Daniel Vega Pérez na data 03/09/2019 10:53:14**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

Fomentar unha pesca sostible, eficiente no uso dos recursos, innovadora, competitiva e baseada no coñecemento é un dos obxectivos principais do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP) na busca da aplicación da Política Pesqueira Común.

Unha prioridade cuxo cumprimento virá da man de ser capaces de configurar a eficiencia enerxética como unha oportunidade, para desenvolver e implantar innovacións e investimentos que permitan optimizar o emprego de recursos e mellorar os índices da contaminación mariña.

Neste marco, no 2019 presentouse a terceira ORDE no eido de axudas para proxectos colectivos de modernización dos portos pesqueiros, lonxas e lugares de desembarque, para a mellora da calidade, o incremento do control e a rastrexabilidade dos produtos desembarcados, a eficiencia enerxética e a mellora da seguridade e das condicións de traballo; aínda que é a primeira ORDE que ten como único obxecto mellorar a eficiencia enerxética nas lonxas.

Con estas axudas perséguense dous obxectivos:

- Promover a dotación e mellorar as instalacións que prestan servizos ás embarcacións, pescadores e mariscadores, co fin de garantir as condicións de traballo e de seguridade das persoas e os buques, garantir a calidade sanitaria e organoléptica e avanzar no logro dunha actividade pesqueira máis sustentable e economicamente rendible.
- E favorecer a realización das actividades precisas para as operacións de pesca e para a primeira venda dos produtos pesqueiros con criterios de ergonomía e seguridade.

A ORDE estivo dotada cun orzamento de máis de 1,5 M €, distribuído nas seguintes anualidades: 800.000 € no 2019 e 700.666,90 € no 2020.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguintes preguntas orais en comisión:

**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com**





- Cales foron os resultados acadados na última convocatoria de axudas para a mellora da eficiencia enerxética nas lonxas?
- Que balance fai da evolución das últimas convocatorias de axudas para a mellora da eficiencia enerxética nas lonxas?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 03/09/2019 11:01:31**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 03/09/2019 11:01:48**

**Martín Fernández Prado na data 03/09/2019 11:02:00**

**Alberto Pazos Couñago na data 03/09/2019 11:02:47**

**Marta Rodriguez Arias na data 03/09/2019 11:02:58**

**María Soraya Salorio Porral na data 03/09/2019 11:03:15**

**Daniel Vega Pérez na data 03/09/2019 11:03:26**





## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Fomentar unha pesca sostible, eficiente no uso dos recursos, innovadora, competitiva e baseada no coñecemento é un dos obxectivos principais do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP) na busca da aplicación da Política Pesqueira Común.

Unha prioridade cuxo cumprimento virá da man de ser capaces de protexer e recuperar a biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas.

Con estas axudas preténdese apoiar proxectos colectivos que se centren nas zonas costeiras de interese para a produción ou reproducción dos organismos mariños, que fomenten a xestión sustentable e a conservación dos hábitats e das especies.

Entre as actividades que poderán recibir apoio económico:

- Elaboración e seguimiento dos plans de co-xestión de recursos mariños vivos.
- Optimización e seguimiento dunha correcta xestión dos recursos biolóxicos mariños.
- Contribución á vixilancia epidemiolóxica: envío de mostras ao Intecmar para coñecer o estado sanitario das augas e especies marisqueiras.
- Operacións de salvagarda do medio mariño e das súas especies.

A ORDE estivo dotada cun orzamento de máis de 3,4 M € repartido en dúas anualidades: 1,72 M € no 2019 e 1,72 M € no 2020. Estas axudas convocáronse no 2019 por quinta vez, respondendo á demanda do sector de ser convocadas como proxectos plurianuais.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en comisión:

- Cales foron os resultados acadados na última convocatoria de axudas para a mellora da xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas?

**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com**



- Que balance fai da evolución das últimas convocatorias de axudas para a mellora da xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 03/09/2019 11:07:50**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 03/09/2019 11:08:06**

**Martín Fernández Prado na data 03/09/2019 11:08:18**

**Alberto Pazos Couñago na data 03/09/2019 11:08:34**

**Marta Rodriguez Arias na data 03/09/2019 11:08:44**

**María Soraya Salorio Porral na data 03/09/2019 11:08:58**

**Daniel Vega Pérez na data 03/09/2019 11:09:06**





## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Rey Varela, Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

A ría de Ferrol consta de sete zonas de producción de moluscos e unha zona de reinstalación. Destas oito zonas unha está clasificada como zona A, tres están clasificadas como zona B, tres clasificadas como zona C e unha clasificada como peche.

A Xunta de Galicia leva investidos preto de 100 M € desde 2014 nos traballos de saneamento desta ría. Neste contexto, na primeira metade do 2017, foi posta en funcionamento a rede de saneamento da marxe norte da ría, o que orixinou expectativas de cambio na clasificación microbiolóxica das zonas de producción da ría.

A través do Intecmar, a Xunta de Galicia incrementou a frecuencia de mostaxe nas estacións de seguimento das zonas de producción clasificadas como zona C coa intención de favorecer os cambios de clasificación no menor tempo posible.

Un feito que permite que o marisco extraído poida comercializarse directamente, xa que os prazos de depuración acúrtanse.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en comisión:

- Como evolucionaron as zonas de producción nestes anos en vista do esforzo feito en materia de saneamento?
- Que balance fai da evolución da mellora das zonas produtivas que conforman a ría de Ferrol nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 3 setembro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Rey Varela na data 03/09/2019 11:21:15**

**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com**



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/09/2019 11:29:43  
**Nº Rexistro: 54915**  
Data envio: 03/09/2019 11:29:43,555

**Teresa Egerique Mosquera na data 03/09/2019 11:21:41**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 03/09/2019 11:21:53**

**Martín Fernández Prado na data 03/09/2019 11:22:07**

**Alberto Pazos Couñago na data 03/09/2019 11:22:28**

**Marta Rodriguez Arias na data 03/09/2019 11:22:42**

**María Soraya Salorio Porral na data 03/09/2019 11:23:02**

**Daniel Vega Pérez na data 03/09/2019 11:23:13**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





## Á Mesa do Parlamento

**Aurelio Nuñez Centeno, Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O peirao de Malpica é unha infraestrutura complexa desde a súa construción hai máis de 80 anos tanto polas dificultades de saída e entrada como polas correntes que se xeran no seu interior.

Por este motivo, a Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, mantivo varias xuntanzas nos últimos meses coa confraría de pescadores de Malpica de cara a verificar a procedencia das medidas adoptadas e doutras actuacións necesarias para mellorar a seguridade no peirao malpicán.

Co obxectivo de avaliar e determinar cales son as actuacións más axeitadas para mellorar a seguridade no acceso a esta infraestrutura portuaria, Portos de Galicia contratou uns traballos para:

- Determinar a orixe e as intensidades das correntes que se producen na bocana de acceso á dársena interior do porto e a súa relación coa amplitude da onda longa e o seu período.
- Comprobar a incidencia e os efectos das ondas longas asociadas aos temporais na zona de entrada á dársena interior e no conxunto do peirao coruñés.
- E realizar as análises preliminares sobre as medidas que poidan contribuír a reducir o efecto das ondas longas.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulañan as seguintes preguntas orais en comisión:

- Que accións está levando a cabo Portos de Galicia de cara a mellorar a seguridade no porto de Malpica?
- Que melloras acometeu Portos de Galicia no peirao malpicán nestes anos?





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/09/2019 11:47:18  
**Nº Rexistro: 54917**  
Data envio: 03/09/2019 11:47:18.117

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 03/09/2019 11:32:06**

**Teresa Egerique Mosquera na data 03/09/2019 11:32:27**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 03/09/2019 11:32:41**

**Martín Fernández Prado na data 03/09/2019 11:32:52**

**Alberto Pazos Couñago na data 03/09/2019 11:33:11**

**Marta Rodriguez Arias na data 03/09/2019 11:33:31**

**María Soraya Salorio Porral na data 03/09/2019 11:33:42**

**Daniel Vega Pérez na data 03/09/2019 11:33:53**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

Dende os inicios do 2019 rexistráronse bloqueos na zona entre as fronteiras de Marrocos e Mauritania que impiden o normal desenvolvemento do transporte de produtos frescos da pesca a España e o avituallamento para os buques españoles que faenan ao amparo do acordo con Mauritania.

Estes cortes son realizados por un grupo de transportistas locais afectados polas supostas subidas de taxas e aranceis aduaneiros entre ambos países.

Pese ás xestións realizadas polo Goberno central, competente na materia xunto coa *Comisión Europea*, a situación que viven os armadores na fronteira mauritano-marroquí segue sen solución.

Pola súa banda, a Xunta de Galicia interveu desde o primeiro momento, trasladándolle a problemática ao Goberno central, a través dunha misiva á *Secretaría General de Pesca*, na que se solicitaba:

- A mediación entre Marrocos e Mauritania aproveitando o amplio coñecemento que o ministro ten de Marrocos.
- O establecemento de medidas transitorias e excepcionais por parte da *Comisión Europea*, como a validación da realización de descargas de peixe no porto de Dakhla por parte dos buques afectados.

Esta mesma demanda trasladouse á *Dirección General de Asuntos Marítimos y Pesca* da *Comisión Europea* nunha xuntanza mantida en Bruxelas e volveuse reiterar recentemente á *Secretaría General de Pesca* noutras dúas misivas.

Con todo, a Xunta de Galicia encargou a elaboración dun informe ao catedrático de dereito internacional público da Universidade da Coruña, José Manuel Sobrino Heredia, no que analizar o conflito.

Trátase dunha consulta xurídica, cuxos resultados foron expostos pola Xunta de Galicia á afectada Organización de Produtores de Pesca de Palangre ORPAL.

**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com**



Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulañan as seguintes preguntas orais en comisión:

- Cales foron as conclusións extraídas do informe elaborado polo profesor José Manuel Sobrino Heredia e as correspondentes propostas para a resolución do conflito?
- Cal é o estado de situación dos armadores galegos en Mauritania?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 03/09/2019 11:52:08**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 03/09/2019 11:52:22**

**Martín Fernández Prado na data 03/09/2019 11:52:47**

**Alberto Pazos Couñago na data 03/09/2019 11:53:12**

**Marta Rodriguez Arias na data 03/09/2019 11:53:26**

**María Soraya Salorio Porral na data 03/09/2019 11:53:42**

**Daniel Vega Pérez na data 03/09/2019 11:53:50**





## Á Mesa do Parlamento

**Aurelio Nuñez Centeno, Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

Portos de Galicia está a traballar de xeito permanente no cumprimento do seu compromiso de execución dunha dragaxe de area e rocha no porto de Laxe. Esta obra supón a primeira fase de actuación na zona para a mellora do abrigo, tal como se acordou en febreiro de 2014 co sector profesional, representado pola Confraría de Pescadores, e o Concello de Laxe.

A complexidade e custe desta actuación requieren unha tramitación rigorosa que implica o cumprimento dos prazos de tempo estipulados para un proceso de licitación destas características. Así mesmo a tramitación regrada desta obra implica a elaboración de informes de outros organismos alleos a Portos de Galicia.

Actualmente, Portos de Galicia está a desenvolver a tramitación para a contratación das obras. A obra da dragaxe do porto de Laxe foi convocada vía concurso pola Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, en marzo de 2019, cun orzamento de máis de 4 M €, en varias anualidades.

Portos de Galicia ten trasladado de xeito sistemático esta información ao sector e o Concello de Laxe, en virtude da transparencia e lealdade institucional que caracterizou ao ente público ao longo de todo o proceso de tramitación desta actuación. Así mesmo, técnicos e directivos do ente público teñen convocado periódicamente reunións informativas nas que deron conta dos continuos avances do proceso.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en comisión:

- En que estado se atopa a tramitación da contratación da dragaxe do porto de Laxe?
- Cales son as principais actuacións contidas neste proxecto?
- Que previsións de execución temporal manexa Portos de Galicia en relación a esta obra?

**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com**



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/09/2019 12:12:54  
**Nº Rexistro: 54921**  
Data envio: 03/09/2019 12:12:54.553

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 03/09/2019 12:06:47**

**Teresa Egerique Mosquera na data 03/09/2019 12:07:04**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 03/09/2019 12:07:18**

**Martín Fernández Prado na data 03/09/2019 12:07:27**

**Alberto Pazos Couñago na data 03/09/2019 12:07:46**

**Marta Rodriguez Arias na data 03/09/2019 12:08:00**

**María Soraya Salorio Porral na data 03/09/2019 12:08:20**

**Daniel Vega Pérez na data 03/09/2019 12:08:31**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com





## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

O programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega recollía compromisos específicos coa nosa frota de baixura. Por exemplo, afirmaba que “*Avanzaremos, da man da Administración estatal, na mellora da xestión das cotas no eido interno, de forma que se eviten consumos prematuros ou especialmente gravosos pola época do peche, fomentando unha distribución anual o más equitativa e beneficiosa posible en termos de comercialización, de xeito específico no marco da actividade da flota de baixura e litoral na que se comparten cotas*”.

A flota do cerco galego, formada por 150 unidades, decidiu por maioría, en xuño do 2019, establecer un tope para as capturas de xurelo durante todo o ano.

O límite de 750 Kg por tripulante enrolado e día tamén servirá para manter un nivel de prezos aceptable ao non inundar o mercado coa especie.

Pese a que o acordo non foi unánime, a medida ten como principal obxectivo preservar o cupo dispoñible e, por ende, o caladoiro en si.

É unha medida que afectará a todo este segmento, xa que ante a escaseza doutras especies, o xurelo convértese no principal obxectivo do sector, sobre todo, a partir do verán, cando se espera que a sardiña entre en veda.

Recentemente o *Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación* publicou as resolucións polas que se establecen os criterios para a xestión no 2019 das cantidades máximas de xurelo:

- Resolución do 1 de agosto de 2019, do stock JAX/2A-14 entre as distintas flotas e caladoiros.
- Resolución do 1 de agosto de 2019, dos stocks JAX/09 e JAX/8C por parte da flota.
- Resolución do 7 de agosto de 2019, do stock JAX/2A-14 que pode ser pescado na zona CIEM 8c.



O xurelo é, desde fai anos, o principal recurso da flota. No que vai de ano, segundo a Plataforma Tecnolóxica da Pesca, descargou 7.100 Ton. Estas capturas foron realizadas tanto polo cerco como polo arrastre e alcanzaron un valor de 7,8 M €.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulañan as seguintes preguntas orais en comisión:

- Que balance fai da xestión do xurelo ao longo do 2019?
- Cales foron as demandas da Xunta de Galicia en relación ás medidas dispostas pola Secretaría General de Pesca para a xestión deste recurso?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 03/09/2019 12:16:11**

**María Ángeles García Míguez na data 03/09/2019 12:16:25**

**Martín Fernández Prado na data 03/09/2019 12:16:36**

**Alberto Pazos Couñago na data 03/09/2019 12:17:09**

**Marta Rodríguez Arias na data 03/09/2019 12:17:44**

**María Soraya Salorio Porral na data 03/09/2019 12:17:58**

**Daniel Vega Pérez na data 03/09/2019 12:18:06**



## Á Mesa do Parlamento

**Gonzalo Trenor López, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Diego Calvo Pouso, Jaime Castiñeira Broz, Antonio Mouríño Villar, María Julia Rodríguez Barreira, e Daniel Varela Suanzes-Carpega** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.

Nos últimos anos, a Comunidade galega ten experimentado un importante avance en canto a infraestruturas de saneamento e depuración, grazas aos investimentos realizados desde as distintas administracións e, en particular, desde a Xunta de Galicia.

Nunha recente comparecencia no Parlamento galego, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade salientaba que nos últimos dez anos o esforzo investidor realizado pola Xunta en materia de augas tiña sido moi importante, mobilizándose máis de 1.100 millón de euros que permitiron levar a cabo 350 actuacións de saneamento en distintos concellos galegos.

Entre outras actuacións, construíronse 45 novas estacións depuradoras de augas residuais con capacidade para dar servizo a 1,5 millóns de galegos e galegas, o que supón máis da metade da poboación da Comunidade.

Pese ao esforzo realizado polo Goberno galego, na súa comparecencia nesta Cámara, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade apuntaba a unha materia áinda pendente: a correcta xestión destas infraestruturas de depuración por parte dos concellos.

É obvio que de pouco serve investir millóns de euros na construcción de depuradoras se despois os concellos, que teñen a competencia e o deber legal, nos as explotan e as manteñen correctamente, ben porque non teñen vontade de facelo ou porque non teñen a capacidade para poder xestionalas como é debido. É imprescindible polo tanto, a implicación de todas as administracións nesta materia, tamén, por suposto, das deputacións provincias como corresponsables dos servizos nos concellos de menos de 20.000 habitantes, segundo establece a lexislación estatal.

Neste sentido, hoxe mesmo coñecemos por unha información na prensa que Augas de Galicia, organismo dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, vén de realizar unha auditoría técnica para ter información detallada ao respecto do funcionamento das estacións depuradoras de augas residuais que xestionan directamente os concellos de máis de 2.000 habitantes, auditoría que amosa as deficiencias de xestións que se están producindo.

**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com**



Por todo o exposto, e ante a importancia que ten este asunto para o conxunto da cidadanía, para a calidade das augas dos nosos ríos e rías e para a pesca, o marisqueo e o turismo, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

-Que datos concretos arroxa a auditoría técnica realizada por Augas de Galicia ao respecto da xestión das estacións depuradoras de augas residuais que veñen realizando os concellos galegos de máis de 2.000 habitantes?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Gonzalo Trenor López na data 03/09/2019 13:06:05**

**Martín Fernández Prado na data 03/09/2019 13:06:20**

**Jacobo Moreira Ferro na data 03/09/2019 13:06:46**

**Diego Calvo Pouso na data 03/09/2019 13:06:56**

**Jaime Castiñeira Broz na data 03/09/2019 13:07:15**

**Antonio Mouriño Villar na data 03/09/2019 13:07:35**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 03/09/2019 13:07:45**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 03/09/2019 13:07:59**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Pancho Casal Vidal e Davide Rodríguez Estévez**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2<sup>a</sup>**

Vivimos nun tempo de emerxencia climática e deterioro ambiental que acadou xa o punto de non reversibilidade. A transición cara unha economía libre de emisións de efecto invernadoiro require un profundo cambio social, e por tanto, político.

A situación de deterioro ambiental e a emerxencia climática global, ocasionada por unha política de crecemento ilimitado e depredación baseada na explotación depredadora de recursos naturais, nun mecanismo de distribución comercial inxusto social e ambientalmente e nun modelo de consumo require un cambio radical nas políticas enerxética, industrial e de consumo que promoven as grandes corporacións e que as poboacións, sen crítica, practicamos.

A situación de desequilibrio ambiental e desigualdade humana Norte-Sur, incluíndo cada vez máis amplos focos de degradación ambiental no Norte e de máxima pobreza no Sur, demanda medidas urxentes, accións enérxicas e visión interxeneracional.

A ecoloxía política non é unha política máis dun programa de cambio, é o modelo sobre o que facer pivotar todo o resto da axenda, como o están a formular moitos movementos en diferentes partes do planeta.

En Marea recoñece como certos os seguintes feitos:

- O cambio climático é una crise urxente que representa una grave ameaza para a estabilidade mundial e a existencia humana.
- O Panel Intergubernamental sobre o Cambio Climático (IPCC, en inglés) emitiu un informe especial sobre o impacto do quentamento global e a necesidade de reducir as emisións globais de gases de efecto invernadoiro antes do 2030 para manter o quentamento a 1.5 °C e evitar os impactos más catastróficos do cambio climático. Isto, pode ser posible con accións ambiciosas das autoridades nacionais e subnacionais, a sociedade civil, o sector privado, os pobos e as comunidades locais.



- O ritmo e a escala actuais da acción climática nacional non son suficientes para evitar danos significativos á economía, o medio ambiente e á saúde humana nas próximas décadas.

Debemos formar parte da corrente de cambio global e asegurar programas de transición enerxética, industrial e de consumo, que permitan abordar os retos da mudanza climática á que determinadas grandes corporacións asentadas en Galicia contribúen decisivamente. Programas que teñan como piares a autosuficiencia enerxética sostible, o consumo responsable e a soberanía alimentaria.

Se non collemos a bandeira da loita contra o cambio climático traicionamos á mocidade que está nas rúas demandando que non se lles roube o futuro.

Hai que construír unha proposta de futuro sostible para a sociedade galega. Isto supón unha re-definición da política forestal, das explotacións agrarias e gandeiras, da nosa forma de consumir, do noso xeito de movernos e do noso tecido produtivo, así como a mellora e a concienciación na reciclaxe de todos os recursos naturais existentes e dos que xeramos.

A explotación dos nosos montes ten que pasar da economía depredadora do monocultivo de eucalipto e do pino á recuperación das especies tradicionais ( rebolas, castañeiro, bidueiro etc..), ben adaptadas ao noso clima, cunha nova Lei Forestal de Galicia que prohiba as novas plantacións en todo o territorio destas especies foránea e que fixe obxectivos realistas de substitución gradual de eucalipto e pino por especies frondosas autóctonas, dotada do financiamento adecuado.

En canto á xeración de enerxía, a única enerxía renovable que está nos plans da Xunta de Galicia é a eólica, precisamente a que ten máis impacto ambiental. Acadar a soberanía enerxética significa impulsar a autoxeración e o autoconsumo de enerxía solar e xeotérmica, e poñer en marcha a explotación da potencia do mar para a xeración de enerxía renovable, accesible por outra banda para todas as persoas, especialmente para aquelas con menores recursos, co afán de fomento da igualdade e da diminución das desigualdades entre as persoas que máis e menos recursos posúen.

Débese apostar pola mobilidade eléctrica, a limitación da circulación de vehículos contaminantes e a creación dunha infraestrutura ferroviaria propia para as cercanías que vertebren o territorio e reduzan o uso do vehículo privado.



É necesario adoptar medidas de simplificación administrativa que poñen en perigo a consecución dos obxectivos en materia de mitigación da crise climática.

A visión de catro anos e as boas palabras acompañadas de nula vontade de cambio real son cousa do pasado.

Estamos en estado de emerxencia, temos que actuar, temos que facelo de xeito colectivo e non podemos perder máis tempo.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª**

1. Que medidas pensa tomar a Xunta de Galicia para frear os efectos no noso país da crise climática?
2. Ten pensado a Xunta presentar un plan de medidas para revitalizar o medio rural galego coa administración de recursos agrarios e forestais?
3. Vai elaborar a Xunta unha estratexia para reforzar a prevención de incendios forestais, tanto con medios persoais como materiais e económicos, reformulando o actual sistema de extinción de incendios?
4. Terá a Xunta en conta esta estratexia e a reformulación do sistema de extinción de incendios na aprobación do PLADIGA 2020?
5. Vai elaborar a Xunta un plan que impulse a autoxeración e o autoconsumo de enerxía solar e xeotérmica?
6. Vai por a Xunta en marcha a explotación da potencia do mar para a xeración de enerxía renovable?

Santiago de Compostela, 03/09/2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao,  
Pancho Casal Vidal e Davide Rodríguez Estévez,  
Deputada e deputados do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**



**Francisco Casal Vidal na data 03/09/2019 13:21:33**

**David Rodríguez Estévez na data 03/09/2019 13:21:41**

**Paula Vázquez Verao na data 03/09/2019 13:21:51**

**Luis Villares Naveira na data 03/09/2019 13:22:02**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa reposta oral na Comisión 3.<sup>a</sup>**.

A publicación das contas económicas trimestrais de Galicia, correspondentes ao segundo trimestre de 2019, pon de manifesto a preocupante desaceleración do crecemento económico que estamos sufrindo dende fai un ano.

A taxa trimestral de variación do PIB — corrixida de estacionalidade e calendario— foi do 0,3%, a cifra máis baixa dende 2014.

No segundo trimestre de 2015 a economía galega creceu en taxa trimestral o 1%, en 2016 o 0,8%, en 2017 o 0,8%, en 2018 o crecemento trimestral do PIB foi do 0,6% e agora, no segundo trimestre de 2019, acada un mínimo do 0,3%.

Unha cifra preocupante porque sinala un camiño de desaceleración da economía que volve mostrar síntomas de debilidade antes de que a sociedade galega se recupere do duro prezo, en termos de deterioro social, que tivo que pagar na recesión de 2009/2014, agravada polas políticas de recortes, austeridade, desvalorización salarial e de precarización laboral.

Aínda é más preocupante en termos comparados ca economía española, que tamén se desacelera pero menos que a economía galega. No segundo trimestre de 2019 a taxa trimestral de crecemento do PIB do conxunto do Estado foi do 0,5%



fronte ao 0,3% de Galicia: en taxa trimestral e case a metade da media do Estado. En taxa anual a economía española medra o 2,3%, tres décimas por riba da economía galega que non supera o 2%.

Diante desta situación o Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

-Como explica a Xunta que a economía galega medre moito menos que a media do Estado no segundo trimestre de 2019, tanto en taxas trimestrais como anuais?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 03/09/2019 14:11:00**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 03/09/2019 14:11:15**



## Á Mesa do Parlamento

**María Luisa Pierres López, M<sup>a</sup> Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo e Teresa Porritt Lueiro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral e Comisión 1.<sup>a</sup> Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**

A lexislación vixente establece claramente o uso non sexista da linguaxe, entendendo por tal a utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras, correctas ou non, que invisibilizan o feminino ou o sitúan nun plano secundario respecto do masculino.

Así o recolle o *Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade*, así como o artigo 14 da *Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes*.

Consecuencia desta normativa, dende a Xunta de Galicia se vén elaborando un informe de impacto de xénero con anterioridade a aprobación de leis polo Parlamento de Galicia, o cal contén unha serie de suxestións encamiñadas a utilización dunha linguaxe inclusivo e non sexista.

Pero este informe, actualmente habitual, soamente realizaase dende a aprobación da normativa devandita, polo que existen abundantes exemplos de lexislación cunha utilización de linguaxe sexista.

O paso do tempo vai facendo que cada vez a normativa en vigor conteña unha linguaxe menos sexista, ao derogar, modificar ou actualizar diversas normas lexislativas, pero é preciso promover a erradicación da linguaxe sexista, posto que, aínda por desgracia, existen abundantes disposicións que conteñen unha linguaxe sexista non desexada.

Acaso destaque neste ámbito, a normativa en vigor sobre o “Valedor” do Pobo de Galicia, que mantén tal nome incluso logo da aprobación de varias modificacións lexislativas. Denominación que contrasta co feito de que, tanto no pasado como na actualidade, tal institución estea ocupada por unha muller.



A nivel lexislativo poden citarse outros exemplos, como son, entre outros, as leis autonómicas que regulan a varios colexios profesionais, como a de “podólogos”, de “educadores sociais” ou de “protésicos”; ou a lei de confrarías de “pescadores”; ou, no ámbito da sanidade, a relativa a historia clínica “dos” pacientes.

Son expresión que compre modificar e substituír por outras que eviten formas discriminatorias ou androcéntricas, de modo que a terminoloxía empregada estea en harmonía co principio de igualdade de sexos. Así o recolle mesmo o artigo 97 das Directrices de técnica normativa aprobadas en Galicia.

Faise pois convinte tomar as medidas precisas para contribuír dende a Xunta de Galicia a instaurar unha política de igualdade, para o cal a nosa linguaxe debe ser igualitaria, non discriminatoria, inclusiva e non androcéntrica, estando libre de estereotipos sexistas.

Por todo o exposto as deputadas asinantes formulañan as seguintes preguntas:

1.<sup>a)</sup>) Entende o Goberno que o espírito polo que foi aprobado o *Decreto lexislativo 2/2015* ten que outorgar a debida prioridade á revisión das leis autonómicas xa en vigor para corrixir a linguaxe sexista contida nas mesmas?

2.<sup>a)</sup>) Ten realizado o Goberno algunha xestión neste sentido?

3.<sup>a)</sup>) Cal é o prazo que contempla o Goberno para a urxente revisión e corrección do linguaxe sexista contido na lexislación autonómica actualmente en vigor?

Pazo do Parlamento, 30 de agosto de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López  
M<sup>a</sup> Dolores Toja Suárez  
Patricia Vilán Lorenzo  
Teresa Porritt Lueiro  
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**María Luisa Pierres López na data 03/09/2019 16:19:19**

**María Dolores Toja Suárez na data 03/09/2019 16:19:35**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 03/09/2019 16:19:55**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 03/09/2019 16:21:07**

## Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4<sup>a</sup>.

Por parte dun colectivo de mestres da especialidade de francés se ten traslado ao Grupo Parlamentario Socialista unha serie de aparentes irregularidades en relación coa adxudicación de destinos provisionais nos últimos cursos.

Así, segundo este colectivo, en diversos centros estanse a adxudicar prazas que corresponden por catálogo a esta especialidade a outras e mesmo documentan as súas afirmacións con diversos casos de prazas adxudicadas, segundo este colectivo, de xeito irregular.

Así teríamos nesta situación prazas nos seguintes centros: CEIP Pedro Caselles (Tomiño), CEIP Antonio Magariños (Cambados), CEIP Plurilingüe dos Dices (Rois), CEIP Conmeniño (O Grove), CEIP Juan Rey (Lourenzá), CEIP de Vilaxoán (Vilagarcía de Arousa), CEIP Monte dos Postes (Santiago), CEIP de Castrelo (Cambados), CEIP de Nantes (Sanxenxo), CEIP Otero Valcárcel (Carral), CEIP Vicente Risco (Vigo), CEIP Portonovo (Sanxenxo), CEIP A Ramallosa (Teo), CEIP Manuel Masdías (Ferrol), CEIP do Seixo (Marín), CEIP Alexandre Rodríguez Cadarso (Noia), CPI Cernadas de Castro (Lousame), CEIP Campomaior (Ordes), CEIP Pérez Viondo (A Estrada), CPI de Mondariz (Mondariz)m CEIP José María Lage (Ortigueira), CPI do Progreso (Catoira), CEIP de Abanqueiro (Boiro) e CEP Pilar Maestu Sierra (A Pobra do Caramiñal).

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1<sup>a</sup>) Que valoración fai a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da situación exposta por este colectivo?

2<sup>a</sup>) Estanse a adxudicar como destinos provisionais a outras especialidades prazas que, conforme á configuración de unidades dos centros, deberían ser ofertadas por francés por estar así establecido no catálogo que se vén empregando?

3<sup>a</sup>) Considera a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que o colectivo de mestres da especialidade de francés, funcionarios ou interinos, ten un tratamento distinto ao resto das especialidades?



4<sup>a</sup>) Ten detectado algún caso como o que expón o colectivo demandante? De ser así, deuse algunha instrución para corrixilo?

Pazo do Parlamento, 3 de setembro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/09/2019 17:23:22**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 03/09/2019 17:23:37**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**.

O pasado mes de marzo de 2019 o feminismo galego volvveu facer historia cunha folga e unha serie de mobilizacions previas que superaron a asistencia e expectativas xeradas apóas a tamén histórica xornada do 8 de marzo de 2018. Porén, a resposta esixida nas rúas non ten chegado na parte que compete ás administracións públicas e é preciso tomar conciencia da necesidade de incrementar os esforzos a realizar.

Recentemente Galiza, e tamén outros pobos do Estado español, volvían vivir asasinatos machistas que fixeron saltar a alarma social pero que, porén, unha vez máis, non mereceron comparecencias específicas dos gobernos como si o fixeron outros asuntos. No mes de xullo , galegas e galegos volvíamos saír ás rúas para condenar un novo feminicidio en Galiza, no concello de Vilalba. Cómpre recordar tamén que este último asasinato tiña lugar despois de que unha orde de afastamento fora quebrantada, o que nos recorda a necesidade imperiosa de mellorar os mecanismos de protección existentes e de mellorar e aumentar os recursos existentes.

A estes feitos únense unha longa lista de acontecementos recentes que non son unha excepción, senón que son habituais na nosa realidade más achegada, e que nos recordan a necesidade de apostar por máis medidas para unha transformación social





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

uxente que debilite o sistema patriarcal que nos violenta e asasina. Recordamos, por exemplo, novos concursos sexistas que tiveron que ser cancelados por presión social, denuncias por agresións sexuais en festas e festivais, agresións verbais aos puntos lilas de moitos eventos, sentenzas patriarcais, puntos de encontro con condicións inadecuadas e, unha vez máis, pechados no mes de agosto ou problemas coa rede de casas de acollida ao tempo que o tan publicitado Pacto de Estado é un titular máis do que unha realidade (sen supoñer áinda un só cambio legal relevante para as mulleres galegas) e o cumprimento da Lei galega de 2007 está a ser sistematicamente vulnerado en cuestións tan importantes como a atención psicolóxica dentro da Atención Primaria.

Son moitos os sinais de alerta dunha situación insoportábel e que non se arranca con medidas cosméticas como posicionamentos puntuais nas efemérides ou xestos exclusivamente simbólicos e baleiros de contido e compromiso. As administracións teñen unha responsabilidade que debe cumplirse, corrixir o que non funciona e incrementar as actuacións.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para cumplir ao 100% a legislación vixente en materia de violencia machista?

Que valoración lle merecen as recentes mobilizacións feministas? Pensa que cumpliu coas súas esixencias?





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Vai aumentar a Xunta de Galiza nos vindeiros orzamentos as contías respecto da protección e loita contra a violencia machista? E as actuacións que non son publicidade? Chegará ao 1% dos orzamentos? Cales son os motivos?

Que demandas ten trasladado ao goberno central? E respecto das administracións locais?

Considera que o sistema de financiamento galego é xusto respecto da loita contra a violencia machista?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2019

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 03/09/2019 17:29:10**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 03/09/2019 17:29:18**

**María Montserrat Prado Cores na data 03/09/2019 17:29:26**

**Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2019 17:29:35**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 03/09/2019 17:30:05**

**Ana Pontón Mondelo na data 03/09/2019 17:30:14**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Francisco Casal Vidal e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputados do G.P. Mixto,** ao abeiro do artigo 156 do Regulamento do Parlamento de Galicia, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3<sup>a</sup>** sobre a desaceleración da economía galega.

O IGE publicaba o PIB de Galicia do terceiro trimestre que medrou un 0'3% no segundo trimestre de 2019, unha décima inferior á rexistrada no 2018, inda que a riqueza xerada é un 2% superior ao tamaño de hai un ano, inda que menor á de hai 3 meses e moi lonxe do 2'9% que se acadou no segundo trimestre do 2018. É o menor crecemento interanual do PIB de Galicia desde o ano 2014, e inda que a economía medrou desde hai 23 trimestres consecutivos fíxoo cada vez de xeito más reducido.

Galicia é a 5<sup>a</sup> economía máis importante despois de Cataluña, Madrid, Andalucía, Valencia e Euskadi. Con respecto a esta última, pese a ter máis habitantes Galicia con 2.699.299 persoas fronte as 2.172.591 persoas de Euskadi as cifras do PIB que manexa o noso país é de 61.000 millóns de euros fronte aos case 72.000 millóns de euros do PIB de Euskadi, 11.000 millóns de euros menos no PIB.

A economía galega, como a estatal desacelorouse. Mentre que no que respecta á demanda interna se mantivo no 3,3%, a demanda externa sitúase en valores negativos ata acadar o -1,3%. A Consellería de Facenda atribúe esta desaceleración á caída das exportacións, cun descenso interanual do 8,6%.

No que respecta a estrutura do PIB a prezos de mercado pola vía da oferta todos os sectores teñen un comportamento positivo, menos a industria que descendeu un 2,1%. Hai que lembrar que a industria emprega ao 18,9% da cidadanía galega ocupada, unha porcentaxe similar á da poboación ocupada nas administracións públicas, a sanidade e a educación co 18,6%.



Estamos lonxe do obxectivo marcado pola Comisión Europea de que a industria represente no ano 2020 o 20% do PIB, actualmente no 16,5%.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que subscreiben formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3<sup>a</sup>:

- Que medidas vai tomar a Xunta para reactivar a economía galega? En que consistirán estas medidas?
- Pensa a Xunta incentivar a contratación de xente nova nas empresas para mellorar o crecemento do PIB galego?
- Como pensa atallar a Xunta a perda de industria en Galicia? Preocúpalle a Xunta como afecta esta perda do sector industrial ao noso país?
- Como pensa acadar o obxectivo marcado pola Comisión Europea de que a industria represente no ano 2020 o 20% do PIB?

Santiago de Compostela, 04/09/2019.

Asinado: Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao,  
Davide Rodríguez Estévez e Pancho Casal Vidal,  
Deputada e deputados do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 04/09/2019 09:42:56**

**David Rodríguez Estévez na data 04/09/2019 09:43:01**

**Paula Vázquez Verao na data 04/09/2019 09:43:08**

**Francisco Casal Vidal na data 04/09/2019 09:43:20**





## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

As axudas para acuicultura estrutúranse actualmente en tres liñas que son as seguintes: as destinadas a proxectos de investimentos produtivos, as enfocadas a proxectos que incrementen a eficiencia enerxética e, por último, as encamiñadas á obtención de servizos de asesoramento no eido da acuicultura.

Estas liñas de axudas véñense convocando con periodicidade anual e, gracias a elas, no ano 2017 téñense aprobado un total de 62 proxectos e, no ano 2018, esta cifra incrementouse ata 80 axudas aprobadas.

A maiores, sabemos que o DOG publicou o 3 de decembro de 2018 unha nova orde correspondente á convocatoria de axudas no eido acuícola para este ano 2019, enfocadas a investimentos produtivos, o incremento da eficiencia enerxética, o fomento da reconversión das empresas acuícolas a fontes de enerxía renovables, e para a obtención de servizos de asesoramento de carácter técnico, científico, xurídico, ambiental ou económico.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas orais en comisión:

1. Mais polo miúdo, en que consisten estas axudas á acuicultura?
2. Cal é a contía da convocatoria de axudas destinadas a proxectos acuícolas para este ano 2019?
3. Cantos proxectos foron aprobados con cargo á actual convocatoria de axudas? Que valoración fai da evolución do número de proxectos aprobados nas últimas anualidades?
4. Cantos destes proxectos son de miticultura?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2019.

**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com**



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/09/2019 11:17:11  
**Nº Rexistro: 55000**  
Data envio: 04/09/2019 11:17:11.808

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 04/09/2019 11:11:09**

**María Ángeles García Míguez na data 04/09/2019 11:11:37**

**Martín Fernández Prado na data 04/09/2019 11:11:49**

**Alberto Pazos Couñago na data 04/09/2019 11:12:22**

**Marta Rodriguez Arias na data 04/09/2019 11:12:33**

**María Soraya Salorio Porral na data 04/09/2019 11:13:06**

**Daniel Vega Pérez na data 04/09/2019 11:13:27**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

A Consellería do Mar dispón de catro centros educativos nos que se imparte formación integral nas diferentes especialidades de mecánica naval, de pesca e de transporte marítimo.

Nestes centros, os alumnos poden obter formación para capitán de pesca, patrón nas súas diversas modalidades, mariñeiro pescador, mariscador/a, percebeiro/a, entre outros. A todo isto, hai que sumarlle a formación regrada que ten lugar nos diferentes portos galegos.

A formación dos profesionais do sector pesqueiro é una prioridade da Xunta que responde ademais a un compromiso do noso partido coa sociedade galega.

Así, no programa electoral co que obtivemos a confianza maioritaria nas eleccións autonómicas de 2016 os nosos compromisos sobre a formación marítimo-pesqueira eran os seguintes: “*Avanzaremos na profesionalización e na consolidación da ampla estrutura formativa reforzando os medios técnicos e humanos das escolas náuticas, o Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFA) e centros de referencia en formación continua, coma A Aixola*” e “*Potenciarase tanto a formación regrada como a formación continua, para o que se seguirá contemplando a necesidade de achegar ambas formacións aos portos galegos, e incorporando técnicas de teleformación e uso das novas tecnoloxías, para facer máis compatible esta actividade co desempeño profesional*”.

En consecuencia, desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos necesario avaliar o cumprimento deses compromisos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulamos as seguintes preguntas:

1.- Cal é a oferta formativa nos centros de formación integral nas diferentes especialidades de mecánica naval, de pesca e de transporte marítimo para o longo desde curso?

2.- Cal é o orzamento previsto para este fin?

**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com**





3- Que valoración fai da evolución do número de matrículas nestes centros de formación, dependentes da Consellería do Mar, e en xeral, nos portos de titularidade autonómica?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 04/09/2019 11:49:58**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 04/09/2019 11:50:09**

**Martín Fernández Prado na data 04/09/2019 11:50:39**

**Alberto Pazos Couñago na data 04/09/2019 11:51:05**

**Marta Rodriguez Arias na data 04/09/2019 11:51:42**

**María Soraya Salorio Porral na data 04/09/2019 11:52:00**

**Daniel Vega Pérez na data 04/09/2019 11:52:26**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, deputados do **Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª**.

No seu último informe “La calidad del aire en el Estado español”, que recolle datos do ano 2017, Ecoloxistas en Acción denuncia que “a contaminación do aire é un asunto moi grave, que causa ata 30.000 mortes prematuras no Estado español, cada ano; quince veces máis que os accidentes de tráfico”. Non se trata, polo tanto, dun risco abstracto, senón dunha ameaza concreta que o Goberno galego tería que tomar moi en serio, xa que “a totalidade da poboación galega respira un aire prexudicial para a saúde segundo as recomendación da OMS”.

O estudo de Ecoloxistas en Acción compila “os datos de 55 estacións de control da contaminación, pertencentes ás redes da Xunta de Galicia, dos Concellos de A Coruña e Ourense, de EMEP/VAG/CAMP, dos portos do Estado de A Coruña, Ferrol e Vigo e de distintas instalacións industriais”. A investigación conclúe que “en Galicia os contaminantes que máis incidencia presentaron no 2017 foron as partículas PM<sub>10</sub> e PM<sub>2,5</sub>, o dióxido de xofre e o ozono troposférico”. Ditas partículas “afectaron principalmente aos núcleos urbanos de A Coruña, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo. En todos rexistráronse superacións dos valores medios anuais e diarios recomendados pola OMS para ambos contaminantes”.

Ademais, “rexistráronse superacións da concentración media diaria de dióxido de xofre (SO<sub>2</sub>) recomendada pola OMS en varias estacións do territorio galego, situadas en lugares próximos a grandes industrias e portos”. “Os peores niveis de SO<sub>2</sub> tiveron lugar na estación situada ao sur da fábrica de cementos de la empresa



Cementos Cosmos SA, en Oural, Sarria, con 98 superacións do valor diario (un de cada catro días ao ano)”.

O informe destaca, así mesmo, “os elevados niveis de dióxido de nitróxeno ( $\text{NO}_2$ ) detectados no porto de A Coruña, excedendo con  $72 \mu\text{g}/\text{m}^3$  o valor límite anual, establecido pola lexislación para este contaminante en  $40 \mu\text{g}/\text{m}^3$ . Evidénciase así un problema que podería estar afectando á calidade do aire das áreas residencias más próximas á Coruña”.

Por último, subliñase que “para a elaboración deste informe só se dispuxo da información sobre os niveis de hidrocarburos aromáticos policíclicos (HAP) e metais pesados (arsénico, cadmio, níquel e chumbo), cuxa avaliación é obligada, nas estacións de Riazor, Torre de Hércules (A Coruña), Lugo e Ourense. Na primeira, alcanzouse o obxectivo legal establecido para o canceríxeno benzo(a)pireno en  $1 \text{ ng}/\text{m}^3$ , a segunda peor situación durante 2017 en todo o Estado español. En Ourense sextuplicouse a recomendación da OMS con  $0,86 \text{ ng}/\text{m}^3$  sobre os  $0,12 \text{ ng}/\text{m}^3$  de referencia, así mesmo desbordada na Torre de Hércules e Lugo”.

O informe conclúe que os catro principais focos de contaminación en Galicia son: algunas grandes industrias, as centrais termoeléctricas de carbón, o tráfico marítimo e o tráfico rodado das grandes urbes”.

Ante esta situación, dunha gravidade extraordinaria para a saúde e a contorna natural, a entidade Ecoloxistas en Acción solicita:

- Que o Goberno da Xunta se esforce por mellorar a información da calidade do aire en Galicia, xa que “a páxina web autonómica de calidade do aire non ofrece dato en tempo real das 35 estacións das redes industriais e portuarias nin das 4 redes municipais e so permite a descarga



de datos horarios históricos para seguir a evolución da contaminación do aire en períodos máximos dun mes”.

- Que cumpra coa obriga legal de avisar á poboación no caso de que se volva superar o límiar de alerta de ozono, como xa aconteceu en Noia e en O Saviñao.
- Que incremente as medicións dos niveis de hidrocarburos aromáticos policíclicos (HAP), relacionados coa queima de carbón e biomasa, así como adoptar medidas de redución das emisións.
- Que corrixa o Plan de Mellora da Calidade do Aire de A Coruña, aprobado pola Xunta de Galicia no ano 2011, xa que se demostrou co tempo a súa ineficacia.

O Goberno da Xunta de Galicia, por responsabilidade, debería asumir de inmediato estas esixencias.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, presenta as seguintes Preguntas:

1.<sup>a)</sup>) Que valoración fai a Xunta de Galicia do informe de Ecoloxistas en Acción sobre a contaminación do aire?

2.<sup>a)</sup>) Por que non se informou á cidadanía da superación do límiar de alerta de ozono?

3.<sup>a)</sup>) Está preparada a Xunta de Galicia para afrontar unha situación de emergencia por esta cuestión?



- 4.<sup>a)</sup> Cal é o protocolo de actuación da Xunta para situacíons con superación do límian de alerta de ozono?
- 5.<sup>a)</sup> Vai a asumir o Goberno as recomendacíons do informe de Ecoloxistas en Acción?
- 6.<sup>a)</sup> Que está facendo a Xunta de Galicia para reducir a contaminación do aire?
- 7.<sup>a)</sup> Cales son as previsíons da Xunta de Galicia para os próximos anos a este respecto?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. do Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 04/09/2019 12:48:10**

**Antón Sánchez García na data 04/09/2019 12:48:22**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**.

Cada vez hai máis evidencias do espolio sistemático perpetrado polo Ditador Francisco Franco en Galiza durante a Ditadura, no que constituíu un auténtico “latrocínio” de bens móbiles e inmóbiles de titularidade pública e privada que acabaron no patrimonio persoal do Ditador e da súa familia, constituindo un claro exemplo de enriquecemento ilícito e de malversación de fondos públicos posto que unha grande parte destes bens foron adquiridos mediante a coacción, a forza ou o uso de recursos públicos.

Se ben o Pazo de Meirás é o expoñente más claro desta apropiación de bens, existen moitos outros que tamén pasaron a ser propiedade do Ditador por medios ilícitos, como é o caso da Casa Cornide, as estatuas de Abraham e Isaac, as pías bautismais de San Xián de Moraime, o Pazo de Bendaña (Dodro), diversas obras de arte, así como fontes, cruceiros, balaustradas e escudos que foron trasladados desde outros pazos galegos.

En realidade, estamos a falar dun macroespolio que contou coa participación do aparello do Estado e coa complicidade da elite política e empresarial daquel tempo, que tamén resultou beneficiada da trama: por iso o BNG considera que o estudo tamén debe





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

poñer o foco nas prebendas e beneficios que obtiveron as persoas que participaron na trama que fixo posíbel o enriquecemento dos Franco.

Para o BNG, o coñecemento da verdade histórica é unha mostra de saúde democrática e de transparencia. E tamén o primeiro paso para que se faga xustiza, para que se recoñeza o roubo sistemático e a corrupción a grande escala que son sinais de identidade do franquismo, e para que se devolvan aos seus lexítimos propietarios todos aqueles bens que foron adquiridos e transmitidos de maneira enganosa, ilícita ou fraudulenta.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

1. Ten previsto a Xunta de Galiza encargar a unha comisión independente un informe amplio e exhaustivo sobre todos os bens que puideron pasar a formar parte do patrimonio dos Franco de maneira irregular ou ilícita?
2. Considera necesario o goberno galego facer unha avaliación dos beneficios obtidos pola familia Franco como consecuencia da venda daqueles bens que foron adquiridos de maneira ilícita ou fraudulenta?
3. Considera de interese o goberno galego elaborar un inventario de propiedades móbiles e inmóbiles espoliadas no que figure a súa procedencia, a propiedade orixinal, o método de adquisición ou apropiación, os valores históricos, artísticos e culturais, o valor económico estimado, a situación actual e as entidades ou persoas lexitimadas para a súa recuperación?





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 04/09/2019 12:40:51**

**María Montserrat Prado Cores na data 04/09/2019 12:43:41**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/09/2019 12:43:54**

**Olalla Rodil Fernández na data 04/09/2019 12:44:01**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 04/09/2019 12:44:10**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/09/2019 12:44:17**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, deputados do Grupo Parlamentario do **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª**.

A Axencia Europea do Medio Ambiente vén de publicar a lista de empresas máis contaminantes suxeitas ao mercado comunitario de dereito de emisións. Na clasificación, destaca a central de Endesa nas Pontes, que ten a dubidosa honra de ser a factoría máis contaminante do Estado e unha das más prexudiciais para o medio ambiente de Europa. Cun total de 7,9 millóns de toneladas, foi a instalación española que máis dióxido de carbono emitiu á atmosfera o pasado ano.

A central térmica de Naturgy en Meirama, Cerceda, tamén aparece nun posto alto da lista elaborada pola Axencia Europea. É unha das 150 instalacións máis contaminantes da Comunidade Europea e a décimo primeira do Estado, cunhas emisións totais de dióxido de carbono no ano 2018 de 2,24 millóns de toneladas.

A refinaría de Repsol na Coruña ocupa o posto 22 da lista de empresas máis contaminantes de España, con 1,1 millóns de toneladas de CO<sub>2</sub> emitidas.

Así, tres instalacións galegas que se atopan nun radio de 60 quilómetros están entre as 25 máis contaminantes do Estado, sumando 10 millóns de toneladas de gases efecto invernadoiro emitidos á atmosfera cada ano.

Como sinala o informe anual de Ecologistas en Acción “La calidad del aire en el Estado español”, as emisións de gases contaminantes son un risco para a saúde non só pola súa contribución ao cambio climático, senón tamén por empeorar, aínda máis, a calidade do aire que respiramos. O estudo destaca que “a totalidade



da poboación galega respira un aire prexudicial para a saúde segundo as recomendacións da OMS”, algo moi grave, xa que o aire nocivo “causa ata 30.000 mortes prematuras no Estado español, cada ano, quince veces máis que os accidentes de tráfico”.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.<sup>a)</sup> Que avaliación fai a Xunta de Galicia das emisións contaminantes das instalacións mencionadas?
- 2.<sup>a)</sup> Que impacto pensa que teñen na saúde dos galegos e das galegas? E na contorna natural?
- 3.<sup>a)</sup> Conta a Xunta con informes sobre as consecuencias na saúde e no medio natural que teñen xerado estas industrias?
- 4.<sup>a)</sup> Que pensa facer para atallar as emisións contaminantes das industrias galegas?

Asdo..: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. do Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 04/09/2019 13:27:43**

**Antón Sánchez García na data 04/09/2019 13:27:53**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira, Francisco Casal Vidal, Davide Rodríguez Estévez e Paula Vázquez Verao, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Mixto** ao abeiro do artigo 156 do Regulamento do Parlamento de Galicia, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª** sobre as condicións de seguridade do Castelo de Navia de Suarna.

A veciñanza de Navia de Suarna, capitalidade dos Ancares, alertou dos perigos polo desprendemento de penedos que caen na vía pública procedentes do castelo.

O pasado domingo produciuse un derrube e os penedos que caen quedaron moi preto dun coche que estaba aparcado nas inmediacións, porén, tamén é perigoso para as persoas viandantes, que entran e saen das súas casas, e tamén zona de paso de turistas que se achegan a visitar os encantos da capital ancaresa. A veciñanza reclama unha solución a estes cascallos e penedos que poden causar unha desgracia.

O castelo é de titularidade privada, inda que en moi mal estado de conservación. As familias propietarias só acoden no verán.

Son as administracións as que teñen pois que velar polo cumprimento da lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia.

En materia de patrimonio cultural é competente a Xunta de Galicia, segundo o disposto no artigo 1 da lei 5/2016



O Castelo datado do ano 1037 cando Rodrigo Gutiérrez entrega a fortaleza como dote á súa muller Senior, a doncela de Suarna. Pertencente despois as liñaxes dos Osorio e os Altamira.

De imponente estrutura defensiva e militar despois converteuse por obra dun cura nunha chapuza.

Erguido sobre unha pena á beira do Río Navia, sobre a que tamén se conserva unha ponte altomedieval de arco oxival.



Ademais, completa o conxunto un hórreo cuns piares o erguen máis de 5 metros sobre o río, e que se rehabilitou para converterse en centro de interpretación da reserva da biosfera “Ancares”.

Todo este impresionante patrimonio conformado en primeiro lugar polo Castelo ten que conservarse polos propietarios, que son aos que a Lei 5/2016 obriga en primeiro lugar.

Navia de Suarna é un enclave e un concello que visita moita xente, ademais polo patrimonio cultural, pois conta con máis de 25 castros, alzadas, cortíns, pallozas, tamén pola patrimonio paisaxístico e natural e da biodiversidade, e polo patrimonio gastronómico, sendo un referente da androlla no noso país.

Ademais de capitalidade de Ancares, tamén é reserva da biosfera e Rede Natura 2000.

Por todo o exposto a deputada e os deputados asinantes formulañan as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 4<sup>a</sup>:

- 1.- Coñece a Xunta o estado de deterioro do Castelo de Navia de Suarna?
- 2.- Que medidas vai tomar a Xunta en relación co Castelo de Navia como garante da protección do patrimonio cultural de Galicia? Cando?
- 3.- Vai a Xunta abrir un proceso de investigación para revisar o estado tanto interno como externo do Castelo e as condicións de seguridade para os habitantes do concello e visitantes?
- 4.- Que medidas provisionais vai tomar a Xunta en colaboración co concello para garantir a seguridade da veciñanza?

Santiago de Compostela, 4/9/2019.

Asinado: Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez e Pancho Casal Vidal.

Deputada e deputados do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 04/09/2019 13:40:44**

**David Rodríguez Estévez na data 04/09/2019 13:40:49**

**Luis Villares Naveira na data 04/09/2019 13:40:58**

**Francisco Casal Vidal na data 04/09/2019 13:41:11**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, deputados do **Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª**.

Segundo o XVI estudo EuroRAP (European Road Assessment Programme), que analiza anualmente a accidentalidade da rede viaria estatal, Galicia é a cuarta comunidade con maior proporción de carreiras estatais de risco elevado, cunha porcentaxe do 14,86% (a media do Estado é do 12,2%). Dos 2.229,7 quilómetros analizados na nosa comunidade, 314,9 son considerados de risco elevado.

A investigación destaca a perigosidade tanto de Lugo como de Ourense. No 17% e no 21% dos seus quilómetros de carreiras estatais existe risco de accidente.

Tamén as estradas de titularidade galega supoñen un importante risco para os condutores. Na Vía de Altas Prestacións (VAP) que comunica Nadela con Monforte producíronse 8 accidentes mortais en menos de 5 anos, nos que morreron 12 persoas. Os usuarios da carreira levan moito tempo advertindo do seu perigo, pero a Xunta de Galicia aínda non foi quen de atallalo.

Dos 8 accidentes, 7 foron colisións frontais:

- O 13 de outubro de 2014, no quilómetro 21, produciuse unha colisión frontal. Morreron 2 persoas.
- O 30 de outubro de 2014, no quilómetro 11, produciuse unha colisión frontal, Morreron 3 persoas.



- O 13 de febreiro de 2016, no quilómetro 2,2, produciuse unha colisión frontal. Morreu 1 persoa.
- O 22 de abril de 2016, no quilómetro 34, un vehículo saíuse da vía por causas descoñecidas.
- O 7 de xuño de 2017, no quilómetro 6, produciuse unha colisión frontal. Morreu 1 persoa.
- O 27 de agosto de 2018, no quilómetro 40,8, produciuse unha colisión frontal. Morreu 1 persoa.
- O 8 de outubro de 2018, no quilómetro 15,1, produciuse unha colisión frontal. Morreron 2 persoas.
- O 25 de xuño de 2019, no quilómetro 31, produciuse unha colisión frontal. Morreu 1 persoa.

Así as cousas, cómpre facer algo para que a mesma traxedia non se continúe repetindo ao longo de todo o traxecto.

O pasado mes de febreiro, o Goberno galego anunciou que convertería o tramo do corredor que vai de A Pobra de San Xiao a Sarria Centro nunha autovía. As obras comezarían no ano 2020 e contaríaán cun prazo de execución de 24 meses. Desta maneira, aínda que a nova estrada contribuíra a diminuír o risco de accidentes, non estaría aberta ata dentro de máis de dous anos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Pensa que as medidas provisionais son suficientes ou adecuadas en función da comparación entre a sinistralidade real e a prevista?



- 2.<sup>a)</sup>) Cree necesaria levar a cabo algúna medida orientada a mellorar a seguridade vial coma a orientada a colocar elementos anti-néboa?
- 3.<sup>a)</sup>) Cree necesario traballar nun Plan que evite máis accidentes ata a finalización das obras do tramo Nadela-Monforte de Lemos?
- 4.<sup>a)</sup>) Que avaliación fai o Goberno galego dos numerosos accidentes acontecidos na Vía de Altas Prestacións Lugo-Monforte? Cal pode ser a causa desta alta mortalidade? Que medidas pensa adoptar no futuro?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. do Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 04/09/2019 13:55:22**

**Antón Sánchez García na data 04/09/2019 13:55:54**





## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Galicia, entre os seus medios propios de rescate, posúe dúas embarcacións polivalentes de mediano porte, que son a "Irmáns García Nodal" e "Sebastián de Ocampo", con base itinerante, empregadas tanto para a loita contra a contaminación así como no salvamento no mar, que se suman aos dous helicópteros, os coñecidos coma o Pesca I e Pesca II, con base en Vigo e Celeiro-Viveiro, con plena operatividade no rescate marítimo as 24h dos 365 días do ano.

Por todos é coñecido que o seu mantemento e disposición é sufragado integralmente pola comunidade autónoma, estando ao servizo e atendendo as demandas de apoio e atención de SASEMAR, dando cumprimento así ao disposto polo Estatuto de Autonomía de Galicia que, no seu artigo 29 recolle que corresponde á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado en, entre outras materias, salvamento marítimo.

Neste senso, cabe lembrar que este custe ronda os 14 M€ anuais, procedentes na súa totalidade de fondos propios, o que reduce considerablemente a capacidade de cofinanciar outras acciones susceptibles de ser abordadas con fondos europeos, ou ben a posibilidade de poder desenvolver de forma directa outras actividades plenamente integradas no marco competencial marítimo-pesqueiro.

Por todo isto, e tendo en conta que Galicia conta cun servizo de rescate único en España, que nos máis de 25 anos de historia salvou a vida de máis de 1.500 persoas, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.Cantas asistencias a emerxencias ten efectuado Gardacostas de Galicia a demanda de Salvamento Marítimo no último ano?
- 2.Destas asistencias demandadas, que porcentaxe era susceptible de ser aboada con cargo aos seguros das persoas ou buques aos que se prestou asistencia?
- 3.A canto ascende a cantidade transferida ou percibida por estas asistencias por parte de Gardacostas de Galicia?



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/09/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 55039**  
Data envio: 04/09/2019 14:07:49.974

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 04/09/2019 14:03:51**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 04/09/2019 14:04:07**

**Martín Fernández Prado na data 04/09/2019 14:05:25**

**Alberto Pazos Couñago na data 04/09/2019 14:05:49**

**Marta Rodriguez Arias na data 04/09/2019 14:06:08**

**María Soraya Salorio Porral na data 04/09/2019 14:06:31**

**Daniel Vega Pérez na data 04/09/2019 14:06:43**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



## Á Mesa do Parlamento

**María Luisa Pierres López, Luis Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

O pasado 15 de xullo de 2019, a alcaldía do Concello de Viveiro deu traslado ó Instituto Galego de Vivenda e Solo do informe técnico sobre o estado de varias edificacións sitas na intersección das rúas Rosalía de Castro con Fernández Vitorio, titularidade do Instituto Galego de Vivenda e Solo. Trátase de tres vivendas unifamiliares, particularmente a n.º 17 da Rúa Rosalía de Castro, e a n15 e s/n da Fernández Vitorio. Esta información xa fora reiterada previamente e en diversas ocasións directamente coa Delegación en Lugo do IGVS.

No informe remitido ó IGVS pódese constatar como as tres vivendas víronse afectadas polas inclemencias climatolóxicas acontecidas nestes derradeiros invernos, orixinando unha serie de desprendementos do revestimento de fachada sobre o vial público que alarmaron á veciñanza. A este suceso, hai que engadir o feito de que no interior da parcela existe vexetación que a día de hoxe esténdese polas fachadas e invade a rúa Fernández Vitorio.

Estas vivendas, a día de hoxe, ven como a súa situación vese agravada pola inacción por parte do IGVS . Ante a inminente chegada do inverno, esta situación previsiblemente empeorará co conseguinte risco a terceiros.

As labores que se fan precisas para a emenda das deficiencias advertidas e para o restablecemento das condicións de seguridade e ornato público legalmente esixibles, consisten en:

- Desbroce da vexetación existente nas edificacións incluído a retirada de todo o material resultante.
- Eliminación de vexetación existente nas fachadas.
- Retirada do revestimento de fachada con risco de desprendemento.



- Saneado das fachadas das edificacións.

Cabe sinalar que estes inmobilés están regulados pola Ordenanza 1.3 de solo urbano do casco antigo de Viveiro. As condicións de edificación e a regulación de usos son, polo tanto, as recollidas na normativa do documento do “Plan Especial de Protección e de Reforma Interior do casco antigo”. O plan Especial pronunciase ó respecto dos deberes legais de uso, conservación e rehabilitación no seu apartado 7 (Deberes de uso, conservación e rehabilitación), nos seguintes termos: “Os propietarios dos terreos e construcións deberán destinalos, efectivamente, ó uso, en cada caso, establecido polo PEPRI e mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público. Quedarán suxeitos, igualmente ó cumprimento das normas sobre protección ambiental, patrimonial e arqueolóxica aquí contidos”.

O pasado 2 de maio de 2019 aprobouse a Lei 1/2019 do 22 de abril de 2019, de rehabilitación e rexeneración urbanas de Galicia, documento que ten como obxecto regular a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e a renovación urbana con especial atención na conservación e a mellora, entre outros, dos conxuntos históricos galegos.

Parece que esta sería unha boa oportunidade para “tomar nota” e comezar por ocuparse do patrimonio edificatorio propiedade da Xunta de Galicia.

E máis alá da emerxente restauración das condicións de seguridade e ornato, urxe tamén o fin último para o que foron adquiridos os inmobles, a súa rehabilitación integral como vivendas de protección pública. Neste sentido é preciso ter en conta as verdadeiras necesidades das familias deste concello, e habilitar vivendas con superficie e dormitorios suficientes para atender a demanda real existente na zona. Neste momento existen 46 familias demandantes de vivenda de protección pública no concello, 44 delas en réxime de aluguer e desas 11 especificamente en ámbito do casco histórico.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:



1.<sup>a)</sup>) É coñecedor o IGVS da situación actual de abandono das vivendas sitas na Rúa Rosalía de Castro 17 e Fernández Victorio 15 e s/n no concello de Viveiro e dos problemas derivados dese estado?

2.<sup>a)</sup>) Vai a atender as demandas do Concello de Viveiro manifestadas co envío do informe técnico sobre o estado das vivendas nomeadas remitido o pasado 15 de xullo e remitido así mesmo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda o pasado 29 de agosto?

3.<sup>a)</sup>) Cal vai a ser o programa mínimo das vivendas que se contemplan nesas parcelas? Ten realizado algúun estudio ou proxecto sobre as mesmas?

4.<sup>a)</sup>) Van a ter en conta a verdadeira demanda das familias dese concello?

5.<sup>a)</sup>) Será o Rexistro de Demandantes de Vivenda a guía que se empregue para garantir a maior eficacia na configuración das vivendas?

6.<sup>a)</sup>) Cal é a data na que pensan levar a cabo as obras de actuación, tanto de mantemento como de construcción nestes inmobilés?

Pazo do Parlamento, 04 de setembro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Luis Manuel Álvarez Martínez  
Patricia Otero Rodríguez  
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia


**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 04/09/2019 12:39:29**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/09/2019 12:39:52**

**Patricia Otero Rodríguez na data 04/09/2019 12:40:09**





**Asunto: Propuesta de DECISIÓN DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO por la que se concede una ayuda macrofinanciera adicional al Reino Hachemí de Jordania [COM(2019) 411 final] [2019/0192 (COD)] {SWD(2019) 324 final}**

En aplicación del artículo 6.1 de la Ley 8/1994, de 19 de mayo, la Comisión Mixta para la Unión Europea remite a su Parlamento, por medio del presente correo electrónico, la iniciativa legislativa de la Unión Europea que se acompaña, a efectos de su conocimiento y para que, en su caso, remita a las Cortes Generales un dictamen motivado que exponga las razones por las que considera que la referida iniciativa de la Unión Europea no se ajusta al principio de subsidiariedad.


Aprovecho la ocasión para recordarle que, de conformidad con el artículo 6.2 de la mencionada Ley 8/1994, el dictamen motivado que, en su caso, apruebe su Institución debería ser recibido por las Cortes Generales en el plazo de cuatro semanas a partir de la remisión de la iniciativa legislativa europea.

Con el fin de agilizar la transmisión de los documentos en relación con este procedimiento de control del principio de subsidiariedad, le informo de que se ha habilitado el siguiente correo electrónico de la Comisión Mixta para la Unión Europea: [cmue@congreso.es](mailto:cmue@congreso.es)

#### SECRETARÍA DE LA COMISIÓN MIXTA PARA LA UNIÓN EUROPEA

Este correo contiene información confidencial e o seu contido está protexido pola lei. Calquera persoa distinta da destinataria ten prohibida a súa reproducción, uso, divulgación ou impresión total ou parcial. Se recibiu esta mensaxe por erro, notifíquelo de inmediato a persoa remitente e borre a mensaxe orixinal xunto cos seus ficheiros anexos. Grazas.





COMISIÓN  
EUROPEA

Bruselas, 6.9.2019  
COM(2019) 411 final


2019/0192 (COD)

Propuesta de

**DECISIÓN DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO**

**por la que se concede una ayuda macrofinanciera adicional al Reino Hachemí de Jordania**

{SWD(2019) 324 final}



**Asunto: Propuesta de DECISIÓN DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO por la que se concede una ayuda macrofinanciera adicional al Reino Hachemí de Jordania [COM(2019) 411 final] [2019/0192 (COD)] {SWD(2019) 324 final}**

En aplicación del artículo 6.1 de la Ley 8/1994, de 19 de mayo, la Comisión Mixta para la Unión Europea remite a su Parlamento, por medio del presente correo electrónico, la iniciativa legislativa de la Unión Europea que se acompaña, a efectos de su conocimiento y para que, en su caso, remita a las Cortes Generales un dictamen motivado que exponga las razones por las que considera que la referida iniciativa de la Unión Europea no se ajusta al principio de subsidiariedad.



Aprovecho la ocasión para recordarle que, de conformidad con el artículo 6.2 de la mencionada Ley 8/1994, el dictamen motivado que, en su caso, apruebe su Institución debería ser recibido por las Cortes Generales en el plazo de cuatro semanas a partir de la remisión de la iniciativa legislativa europea.

Con el fin de agilizar la transmisión de los documentos en relación con este procedimiento de control del principio de subsidiariedad, le informo de que se ha habilitado el siguiente correo electrónico de la Comisión Mixta para la Unión Europea: [cmue@congreso.es](mailto:cmue@congreso.es)

#### SECRETARÍA DE LA COMISIÓN MIXTA PARA LA UNIÓN EUROPEA

Este correo contiene información confidencial e o seu contido está protexido pola lei. Calquera persoa distinta da destinataria ten prohibida a súa reproducción, uso, divulgación ou impresión total ou parcial. Se recibiu esta mensaxe por erro, notifíquelo de inmediato a persoa remitente e borre a mensaxe orixinal xunto cos seus ficheiros anexos. Grazas.





COMISIÓN  
EUROPEA

Bruselas, 6.9.2019  
COM(2019) 411 final

2019/0192 (COD)

Propuesta de

**DECISIÓN DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO**

**por la que se concede una ayuda macrofinanciera adicional al Reino Hachemí de Jordania**

{SWD(2019) 324 final}

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

### **1. CONTEXTO DE LA PROPUESTA**

#### **• Razones y objetivos de la propuesta**

**En los últimos años, la economía jordana se ha visto muy afectada por las convulsiones regionales, especialmente en Irak y Siria.** Esta agitación regional ha incidido muy negativamente en los ingresos exteriores y ha afectado a las finanzas públicas. El descenso del turismo y de las inversiones extranjeras directas (IED), el bloqueo de las rutas comerciales durante ocho años y las repetidas interrupciones del suministro de gas natural procedente de Egipto, que obligaron a Jordania a sustituir las importaciones de gas de Egipto por otros combustibles más caros para la generación de electricidad, han lastrado el crecimiento y afectado a la balanza de pagos y la situación presupuestaria del país.

El conflicto sirio ha perjudicado a Jordania no solo perturbando el comercio con y a través de Siria, sino también provocando la entrada de alrededor de 1,3 millones de refugiados sirios (según las estimaciones de las autoridades jordanas), de los cuales 660 330 están registrados en la oficina del Alto Comisionado de las Naciones Unidas para los Refugiados (ACNUR) (datos de 4 de agosto de 2019). Esta gran afluencia de refugiados sirios a Jordania ha aumentado la presión sobre la situación presupuestaria del país, sus servicios públicos y sus infraestructuras.

**Una respuesta política adecuada en líneas generales y un apoyo internacional a gran escala ayudaron al país a mantener la estabilidad macroeconómica y evitaron una contracción económica. Sin embargo, la economía de Jordania sigue siendo vulnerable a las perturbaciones externas.** El crecimiento real se redujo al 1,9 % en 2018, la tasa más baja desde 1996. La tasa de desempleo aumentó hasta el 19 % a principios de 2019, mientras que la IED cayó en picado. A pesar de los esfuerzos realizados, no se mantuvo el ritmo inicialmente previsto de saneamiento presupuestario, debido a un crecimiento inferior al esperado —lo cual redujo los ingresos fiscales— y a la generación de pérdidas por parte de la compañía eléctrica, cuyas tarifas no reflejan los costes. La deuda pública apenas ha disminuido y Jordania sigue dependiendo de la ayuda exterior. En efecto, el país sigue enfrentándose a necesidades considerables de financiación exterior, incluidas las obligaciones de pago derivadas de eurobonos y otros préstamos en el mercado exterior que vencen en 2020-22. **En este contexto, sigue siendo esencial el apoyo continuado de los socios internacionales de Jordania.**

En agosto de 2016, Jordania y el Fondo Monetario Internacional (FMI) acordaron un servicio ampliado del Fondo (SAF) trienal por un valor de 723 millones USD (150 % de la cuota), que ha sido prorrogado recientemente hasta marzo de 2020. Este programa siguió a un acuerdo de derechos de giro (ADG) trienal por un importe de 2 000 millones USD (800 % de la cuota) acordado en agosto de 2012 y que concluyó en agosto de 2015. Los programas del FMI se complementaron con dos programas de ayuda macrofinanciera (AMF): el AMF-I, por un importe de 180 millones EUR en préstamos, que fue aprobado por los colegisladores en diciembre de 2013 y finalizó en octubre de 2015; y el AMF-II, por un importe de 200 millones EUR en préstamos, que fue aprobado por los colegisladores en diciembre de 2016 y concluyó en julio de 2019.

Los programas de AMF formaban **parte de un esfuerzo más amplio por parte de la UE y otros donantes internacionales**, acordado en la conferencia de Londres «Apoyo a Siria y a la región» de febrero de 2016, para ayudar a Jordania y a otros países de la región a mitigar el



impacto económico y social derivado de los conflictos regionales y de la presencia de un gran número de refugiados sirios. El compromiso internacional con Jordania se reiteró en varias ocasiones posteriores, especialmente durante la conferencia de Bruselas «Apoyar el futuro de Siria», en abril de 2017, el Consejo de Asociación UE-Jordania, en julio de 2017, y la conferencia de Bruselas II «Apoyar el futuro de Siria», en abril de 2018. En la conferencia de la «Iniciativa de Londres», que tuvo lugar en febrero de 2019, y en la conferencia de Bruselas III, celebrada en marzo de 2019, la comunidad internacional y regional de donantes, incluida la UE, reafirmó su intención de apoyar los esfuerzos de Jordania por preservar su estabilidad macroeconómica y mejorar sus perspectivas de crecimiento.

**El 11 de julio de 2019, Jordania trasladó a la Comisión Europea una solicitud oficial de ayuda macrofinanciera adicional de la UE** por un importe de 500 millones EUR en tres tramos, según lo previsto durante el Consejo de Asociación UE-Jordania celebrado en Luxemburgo el 26 de junio de 2019. Dicha ayuda contribuiría a cubrir las necesidades de financiación exterior del país y a respaldar la aplicación de reformas.

A la luz de esta solicitud y de la situación económica de Jordania, y particularmente de la aparición de necesidades de financiación exterior adicionales, **la Comisión Europea presenta al Parlamento Europeo y al Consejo una propuesta de concesión de una nueva ayuda macrofinanciera (AMF) a Jordania**, de conformidad con el artículo 212 del TFUE, **por un importe máximo de 500 millones EUR, que se facilitaría en forma de préstamos a medio o largo plazo en tres tramos**.

**El objetivo de la AMF propuesta es ayudar a Jordania a cubrir una parte de sus necesidades de financiación exterior adicionales en 2020-2021**, reduciendo sus vulnerabilidades fiscales y el déficit de su balanza de pagos a corto plazo y contribuyendo a la sostenibilidad de la deuda. Por otra parte, la ayuda de la UE **proporcionaría incentivos a Jordania para redoblar sus esfuerzos de reforma** a través de un memorando de entendimiento que deberá acordarse con las autoridades jordanas y que establecerá un conjunto adecuado de medidas que apoyen el ajuste de la economía y las reformas estructurales. Estas condiciones estarían en consonancia con los compromisos de reforma asumidos por Jordania en el contexto de las Prioridades de la Asociación UE-Jordania y de otros instrumentos de apoyo de la UE, así como con los programas de ajuste acordados con el FMI y el Banco Mundial y con el marco quinquenal para la reforma y el crecimiento presentado en la conferencia de la Iniciativa de Londres de febrero de 2019.

Como se explica con más detalle en el documento de trabajo de los servicios de la Comisión que acompaña a la presente propuesta, y basándose, entre otras cosas, en la evaluación de la situación política realizada conjuntamente por la Comisión y el Servicio Europeo de Acción Exterior (SEAE), **la Comisión considera que la existencia de un déficit de financiación exterior en Jordania, junto con la cooperación de este país con el FMI en el marco de un programa de desembolso, avala una operación de AMF desde un punto de vista económico, y que se cumplen las condiciones políticas previas para la operación de AMF propuesta**.

#### Contexto general

**La economía jordana se ha visto especialmente afectada por el conflicto en Siria, que estalló en 2011.** Tras un periodo de fuerte crecimiento entre 2001 y 2010 (del 6,2 % por término medio), el crecimiento del PIB jordano disminuyó hasta alcanzar una media del 2,4 % entre 2011 y 2018. Si bien constituye un reflejo de las persistentes debilidades

macroeconómicas y estructurales de Jordania, la ralentización económica se debe en gran medida a una serie de perturbaciones externas, entre ellas el trastornamiento de rutas y mercados de exportación esenciales debido a conflictos regionales prolongados, el fuerte descenso de la inversión extranjera directa (IED), la acogida de un gran número de refugiados sirios (1,3 millones, según las estimaciones de las autoridades jordanas, de los cuales 660 330 están registrados en el ACNUR) y el incremento de los precios del petróleo y los costes de endeudamiento como consecuencia de la subida de los tipos de la Fed.

**El debilitamiento de la actividad económica continuó en 2018**, al ralentizarse el crecimiento del PIB hasta el 1,9 % en 2018 (frente al 2,1 % en 2017), lo que supuso el índice más bajo de expansión desde 1996. En el lado positivo, en 2018 las entradas de turistas y las exportaciones experimentaron una cierta recuperación y se reabrieron dos pasos de frontera con Irak y Siria. Asimismo, las importaciones de gas de bajo coste procedentes de Egipto se reanudaron en el cuarto trimestre de 2018. Sin embargo, estos avances aún no se han manifestado en las cifras de crecimiento: en el primer trimestre de 2019, el PIB real aumentó un 2 %, lo cual supone, en esencia, una ausencia de cambios con respecto al ritmo de los últimos años.

En este contexto, **el desempleo aumentó** hasta alcanzar el 19 % en el primer trimestre de 2019 (frente al 18,4 % del año anterior), lo que supone una notable tendencia al alza desde 2014, año en que el desempleo ascendía al 12,9 %. El desempleo juvenil (38,5 %) y femenino (28,9 %) sigue siendo elevado en comparación con el desempleo masculino (16,4 %).

La inflación aumentó hasta el 4,5 % en 2018 (desde el 3,3 % a finales de 2017), lo que refleja el aumento de los precios del petróleo durante gran parte de 2018 y el aumento del impuesto general sobre las ventas en varios productos básicos que se empezó a aplicar en enero. Sin embargo, **en los cuatro primeros meses de 2019 la inflación se moderó** hasta llegar al 0,6 %, ya que el efecto de las subidas impositivas fue disipándose. El Banco Central de Jordania aumentó el tipo de redescuento en siete etapas, con lo que este pasó del 3,75 % al 5,75 % entre febrero de 2017 y diciembre de 2018. Esto refleja en términos generales las subidas de tipos de la Reserva Federal, dada la vinculación del dinar jordano al dólar estadounidense. Este ciclo de ajuste coincidió con un aumento gradual pero moderado de la inflación, como se ha mencionado anteriormente. En junio de 2019, la tasa de redescuento permaneció inalterada (en un 5,75 %), ya que la inflación disminuyó y las presiones cambiarias, que habían persistido durante 2018, se suavizaron. No obstante, en el contexto de la segunda revisión del programa del FMI, las autoridades manifestaron que, en caso necesario, estaban dispuestas a aplicar una política monetaria más restrictiva para garantizar el cumplimiento de los objetivos de reserva.

**Jordania ha realizado importantes progresos en el saneamiento de sus finanzas públicas en los últimos años, pero, debido a la debilidad del crecimiento y a la falta de resultados a la hora de hacer frente a las pérdidas de los proveedores públicos de agua y electricidad, estos progresos no han podido mantenerse en 2018.** El déficit presupuestario global (incluidas las subvenciones) aumentó del 2,2 % del PIB en 2017 al 3,3 % del PIB en 2018. El déficit combinado del sector público, un parámetro presupuestario que tiene en cuenta la situación de NEPCO (el proveedor público de electricidad) y de WAJ (la Autoridad del Agua de Jordania) se disparó, pasando del 2,9 % del PIB en 2017 al 4,3 % del PIB en 2018; esto es consecuencia de un aumento del coste del petróleo y unas tarifas que no reflejan los costes en los sectores de la electricidad y el agua, lo que fomenta el consumo excesivo. Para 2019, el programa del FMI prevé la reducción del déficit presupuestario y del déficit combinado del sector público hasta el 2,3 % y el 2,6 %, respectivamente. En los cuatro

primeros meses de 2019, el déficit presupuestario disminuyó hasta el 3 % del PIB (frente al 3,8 % del PIB un año antes). Sin embargo, los ingresos fiscales disminuyeron en un 1,4 % interanual, lo cual suscita preocupación respecto de la ejecución del presupuesto hasta finales de 2019.

